

# Ó APÓSTOL SANTIAGO, MANUSCRITO E IMPRESO EN GALEGO DO SÉCULO XIX

Ramón Mariño Paz e Damián Suárez Vázquez

Instituto da Lingua Galega (USC)

Presentamos neste artigo unha posible nova contribución ao corpus de textos escritos en galego a comezos do século XIX. O único exemplar que coñecemos d'Ó *Apóstol Santiago* consérvase actualmente no arquivo do Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento", nunha carpeta coa sinatura R2. Non hai rexistro da entrada do documento no Instituto, polo que ignoramos en que momento se incorporou ao fondo e tamén a identidade do seu último posuidor.

O texto, datado "a 23 de xunio do ano 1801" na "Burata do Pico-Sacro" e asinado co pseudónimo de "Pepe Hermitaño", coñecémolo hoxe a través dunha impresión bastante posterior, feita en Santiago entre 1876 e 1878. Para quen estea familiarizado coa historia do galego escrito resultará máis ca rechamante a súa recuada datación, tendo en conta especialmente o apreciable grao de elaboración lingüística que presenta. Mesmo se pode sospeitar que esa datación en 1801 non sexa máis ca un engano urdido polos editores. Con todo, cremos que non existen motivos que impidan terminantemente afirmar que a redacción inicial d'Ó *Apóstol Santiago* se pode situar, como veremos máis adiante, cando menos nunha época non posterior ao primeiro terzo do século XIX. Constitúe en todo caso un texto lingüisticamente singular no conxunto da escrita galega do XIX, feito que na nosa opinión xustifica a súa divulgación e o seu estudo detido.

N'Ó *Apóstol Santiago* relátanse de maneira sinxela e compendiada as tradicións que vinculan o que fora discípulo de Xesús coa Península Ibérica, e tamén as principais lendas que se foron forxando despois de que no século IX se descubrixe en Compostela o sepulcro que supostamente contiña os seus restos. O texto, de clara vocación didáctica, está dirixido a un auditorio que o autor interpela frecuentemente adoptando unha actitude paternalista, acompañada por momentos de certo ton de superioridade. Quizais fose lido nalgunha festa ou encontro relixioso<sup>1</sup>, ou, segundo a nosa opinión, incluso podería constituír un exemplo de sermón en galego. O que parece lóxico é que para a súa lectura se tratase de aproveitar a congregación do maior número posible de persoas.

Facendo unha análise do contido d'Ó *Apóstol Santiago* podemos distinguir cando menos cinco partes fundamentais no seu desenvolvemento narrativo. Nunha primeira parte o autor do texto fala da presenza evanxelizadora do Apóstolo na Península e narra como, despois de sufrir martirio en Xerusalén, o seu corpo foi trasladado a Galicia, onde recibiu sepultura nunha capela agochada nun bosque. A continuación podemos ler o rela-

to da *inventio* do sepulcro, que o texto sitúa no ano 873. Reprodúcese a inscrición do letreiro aparecido ao pé do corpo decapitado e explícase ademais, en función do relato exposto, a etimoloxía do topónimo *Compostela*. Seguindo coa nosa división, podemos falar dunha terceira parte en que se compendian os principais feitos históricos que conduciron á consolidación da cidade de Santiago como centro relixioso e ao auxe das peregrinacións xacobeas. Atopamos logo algúns parágrafos referidos á celebración do xubileu compostelán, en que se destacan os beneficios desta concesión papal e a súa singularidade dentro do catolicismo. Finalmente o autor detense no relato da batalla de Clavixo. Nela, como é sabido, as diminuídas hostes do rei Ramiro recibiron a milagrosa e decisiva axuda dun Santiago guerreiro no seu enfrontamento coas tropas musulmás capitaneadas polo rei Abderramán. Lémbrese, como non podía ser doutro xeito, que como consecuencia deste suceso “todos os cristianos fixeron oferta á o Santo Apóstol o seu protector e defensor”.

Tal e como o coñecemos hoxe, *Ó Apóstol Santiago* constitúe un claro exemplo en prosa de *pliego de cordel* ou *pliego suelto* (seguindo a terminoloxía habitual no ámbito da literatura española) ou, se o preferimos, de *folha volante* ou *fólio* (movéndonos na tradición terminolóxica da literatura portuguesa). Atopamos nel as principais características materiais e formais do xénero:

- É un prego de dúas follas en 4º (16.2 por 22.8 cm aprox.), impreso nun papel de pouca calidade.
- Vai acompañado dun gravado de 5.2 por 6.4 cm, que reproduce, como se pode ver na fotografía incluída ao final do traballo, un Santiago sedente inspirado na imaxe situada sobre o altar maior da basílica compostelá, cos atributos de peregrino (bordón, cabaza e capa coas cunchas) e unha cartela con texto simulado na man dereita.
- A obra presenta un título (*Ó Apóstol Santiago*) e tamén un subtítulo (*¡Viva!*), incluídos no prego pero talvez ausentes do manuscrito orixinal.
- Curiosamente distribúe o texto en dúas columnas, presentación característica das obras en verso (na súa maioría romances). No entanto, fai un bo aproveitamento da folla e a separación entre as columnas, marcada con corondel, é pequena.

A publicación d'*Ó Apóstol Santiago* veu continuar unha tradición de impresos de corondel en galego que coñeceu un especial desenvolvemento na cidade de Santiago de Compostela. Esta tradición ten as súas orixes, polo que nós sabemos, nas *Tertulias* e *Diálogos* publicados en 1820 no contexto dos enfrontamentos entre absolutistas e liberais, e a ela poderíamos engadir, entre outras, varias composicións de Vicente de Turnes celebrando acontecementos relativos á familia real española<sup>2</sup> ou a serie de *Romances* do Seor Pedro debidos á pluma de Manuel Fernández Magariños<sup>3</sup>. Botamos en falta un estudo xenérico de alcance que afonde en cuestións relativas á produción, difusión ou recepción destas obras da nosa literatura popular, alén de ofrecer un repertorio exhaustivo dos textos conservados e as pertinentes análises e propostas de clasificación temática e formal.

## 1. TEXTO

Ofrecemos a continuación a transcripción d'Ó *Apóstol Santiago*. A nosa intervención sobre o texto foi mínima: restituímos os elementos elididos, ben por lapso (*d'[a]qui —2.2—, todo [o] mundo<sup>4</sup> —3.1—, Apó[s]tol —4.2—*), ben por deficiencias na impresión (*pr[i]meiro —4.1—, bande[i]ra —4.1—*), e indicamos mediante parénteses que se debe suprimir unha palabra duplicada (*(á) —3.2—*). Segmentamos tamén os elementos aglutinados da oración *Nonte afixas máis* (4.2), en consonancia cos usos que atopamos no resto do texto, e eliminamos o til de *noité* (2.1). Respectamos en todo momento a ortografía orixinal, aínda cando se poida percibir algún erro ou problema: mantemos os dous casos de *Iesuchristo* (1.1 e 1.2) (cf. *Iesuchristo* en 1.1 e 2.2) e deixamos tamén *délas* (4.1), que probablemente aparece por *d'elas* (cf. *d'elles* en 4.1). Co fin de facer máis doada a localización das referencias na análise lingüística sinalamos na nosa transcripción o cambio de páxina e de columna do texto orixinal.

Hai que advertir que ao final do prego figura o pé de imprenta (Santiago: Imp. de EL DIARIO, San Francisco núm. 9) e inmediatamente antes atopamos a indicación de que o texto procede dun “(*Manuscrito inédito.*)”.

### Ó APÓSTOL SANTIAGO.

¡VIVA!

[1.1] Meus amiguiños: saúde e pas en noso Señor Iesuchristo.

Muito me alerto, cando oyo falar do noso Santo Apóstol. ¿E cómo non? O bendito San Iacobo, primo carnal do Santísimo Iesus, foi o Apóstol que trouxo a Hesperia ou Hispanha á *bóa nova* da redempcion do mundo; é predicou muito tempo nela o Santo Evanxelio, pasando muitos traballíños, facendo muitos milagros, e convertindo muita xente a noso Señor Iesuchristo. E tan bén o facía, que mereceu un'a visita da mesma Madre de noso Señor, cando estaba xunto da cibdade Cæsaraugusta, que hoxe chaman Zaragoza; e doulle un'a imaxen súa con un'a columna, pra poñela nún altar da capela, que alí lle mandou construír, e, pequena ou grande, él fíxo.

Isto, meus amigos, quer decir, que á Madre de Deus quixo tomar posesion xa nã sua vida mortal da terra d'[1.2]Hispanha, sendo á sua privilegiada e pô lo que fúí sempre cognoscida por *Patrimonio de Maria Santísima*, que bendita sempre séa.

Despóis de pasar un sin fin de traballíños, tuvo que volver á Ierusalem o Santo Apóstol, sin dúbida chamado por S. Pedro pra asistir á o terceiro Concilio celebrado no ano 50 do nacemento de noso Señor Iesuchristo, donde se xuntaron os Apóstoles todos. E por entónces, debéu ser, cando o galopin de Herodes (muitos hay aínda) mandou degollálo por causa do muito celo con que predicaba a santa ley, e das muitas conversions que facía de almas pra o reino de Deus. ¡Xa se vé! Era muy valente e nada medoso: era bén FILLO DO TRONO.

Decontado os discípulos seus que o acompañáran colleron o corpo e a cabeza, e escaparon pra o porto de Iapha; fixéronse con un'a lancha, metéronse nêla co Santo Corpo, e botáronse á [2.1] o mar a Santa de Deus: e Deus quixo que sanos e salvos chegasen á Cesures porto de Iria-Flavia, que entonces debía ser dos bons, donde desembarcaron e depositaron o santo corpo un pouco de tempo, levándoo logo mais a dentro do terreno, hasta un bosque muy espeso donde fixeron un'a Capela muy bonita con axuda dos cristianos que xa habia, e alí o depositaron con muita decencia, e gardando todos muito secreto, por causa das grandes persecucions que sufrían dos enemigos dos cristianos. E por isto chegou á quedar ignorada por muito tempo cousa de tanto valer, hasta que Deus quixo dálo á conocer, como verédes.

Xunto do lugar donde estaba o sepulcro do noso Santo Apóstol había un'a Capela cristiana, da que cuidaba un hermitaño chamado Payo (hoxe é S. Pelayo) monxe muy penitente, que atendía tamén á as necesidades espirituales de uns catrocentos cristianos que acollidos nâquel bosque puderon librarse da persecucion dos anti-cristianos.

Aquela Capela, ou hermita, era á que oxe chaman S. Felix de Solovio; anque o nome lexítimo é S. *Fins de Lovio*, segun os papéis mais bellos.

Un'a noite estaba o monxe en oracion, e véu luces nûn sitio do bosque e que un'a estrela de rabo botaba rayos de luz á aquel mesmo sitio; e isto pasou outras noites mais. O monxe cabilou no conto, e avisou á o Señor Teodomiro Bispo de Iria, quen dispuxo un ayuno de tres dias pra que Deus os iluminase, e poidesen saber o significado de tales luces e estrelas; pois a cousa seguía todas as noites.

No terceiro dia o Señor Bispo cantou na Capela de S. Fins un'a Misa solemne, e logo fúí cô clero e veciños á o lugar signado pô las luces é pô la estrela de rabo: mandou cortar [2.2] a rentes os espiños, carballos, e demáis árbores, e de duro cavar nâ terra aquela. Todos traballaron de alma; e, meus amigos, xa veredes ó que se descubréu.

Hacharon un'a capela bonita con bóveda sobre dous arcos de pedra muy labrada; e dentro un monumento sepulcral de figura dun altar, e á cada lado outro mais pequeno, todo feito de pedra marmórea.

Con muitísimo respeto abriron o primeiro, e viron todos un Corpo sin cabeza, e que esta estaba xunto do corpo, e mais un bordon, e un letreiro que decía así:

«Aquí iaz Iacobo fillo do Zebedeo e de Salomé, Hirmao de Ioan, que matou Herodes en Ierusalen, e veu por mar cós seus Discípulos fasta Iria Flavia de Galicia, e véo num carro e bois de Lupa señora d'este Campo, e d'[a]qui non quixeron pasar mais a diante; e S. Cecilio discípulo do Apóstol lo fez, estando iuntos os máis discípulos.

Iste descubremento fúí na era DCDXI, ou sea no ano 873 do nacemento de noso Sr. Iesuchristo, sendo Papa Leon III, Bispo de Iria Teodomiro, e rey de Asturias e Galicia Alonso II o Casto.

E desde entonces fúí chamado aquel sitio o *Campo da estrela* por aquela grande que botaba nêl os rayos de luz, e en latin decíase *Campus stellæ*, de donde vén o nome de COM-

POSTELA a cibdade que hoxe vemos, e que é mais cognoscida por o nome de SANTIAGO pô lo gran tesouro que, á Deus gracias, conserva nâ Santa Iglesia Cathedral.

Ainda ben non chegôu á os oídos do señor rey D. Alonso a noticia de tan importante descubremento, véu axiña côs principais do reino á venerar o santo Corpo do Apóstol, e mandôu facer alí mismo un templo muito bon. E a Santidá de Leon Papa III escribêu á todos os Bispos da [3.1] Cristiandade cartas, dándolles a alegre noticia do descubremento de tan rico tesouro.

En 6 de mayo de 899 con permiso do Papa Ioan X, sendo Bispo de Iria Sisnando I, dez e sete Bispos consecraron o templo con asistencia do Rey, quince Condes, e múitas outras personas de prô e rango. E tomou tanto auxe o culto divino n'aquela santa Iglesia, que se fixo muy famosa en todo [o] mundo, e un sin fin de cristianos viñan decote de toda a terra en peregrinacion á visitar o Sepulcro do Santo Apóstol desde o pobriño que pedía limosna hasta os réis mas grandes; desde o pecador que viña por penitencia hasta o santo que viña por devocion.

Todo iba bén e á paz de Deus; mais no agosto de 977 o bribon do rey mouro Almanzor atacôu a cibdade e escachizôu o templo; mais, cando iba á facer o mesmo co a Capela do santo Sepulcro, fuxêu como alma que leva o demo; pois sonôu un trono e caieu un rayo a os pes do mouro; pro, anque fuxêu, non quedou sin castigo: muy logo fúí derrotado pô los cristianos, e na fuxidura non parôu hasta Medinaceli donde él e os seus mouros morreron atacados d'un'a disenteria espantosa.

Logo que o señor rey D. Bermudo II supo a desgracia, puxose acorde co Bispo D. Pedro I, e trataron de facer novo templo; pois do outro ainda casi non quedaran as paredes. Dóuse comenzo á obra, e no ano 1050 o Bispo D. Cresconio mandôu facer duas torres de defensa do templo, e cerrou a cibdade con boas murallas e atalayas.

Prô, o empuxe mais grande douse a obra no ano 1078 sendo Bispo Don Diego Pelaez primeiro; e despois fíxose a consecracion do templo con muito aparato no dia 23 de abril do ano 1211.

[3.2] Hay que saber que no ano 1095 á Santidá de Urbano 2.º dou Bula, pra que a sede Bispal que estaba en Iria se trasladase á Compostela, como así o fixo o Sr. Bispo D. Dalmacio que pedira a o Papa esta gracia.

Ista S. Iglesia de Compostela é o terceiro Santuario dos catolicos, tanto, que o voto de visitála é o terceiro dos reservados á o Papa; e tén ademáis outros grandisimos privilegios dos Padres Santos e dos Reis Católicos. O mais valioso é o que vou á (á) contar; o xubileo do ano santo, que e cousa que non hay como ela no mundo.

Todos os anos que é Domingo o dia 25 de xulio festa principal do bendito Apóstol Sant-Iago, é todos os dias ano santo, ou de xubiléo n'esta Santa Iglesia; e todos os cristianos poden ser absolvidos de todos os pecados, ainda dos reservados á o Papa (menos o da herexia mista) confesándose bén, e visitando devotamente a Santa Iglesia Catedral, rezando ou orando alí conforme á intencion dos Papas por as necesidades da Santa Iglesia e do reino.

Pra entender algo da grandiosidá de esta regalía, hai que saber que solo en Roma hay outra igual, mais non é sinon de 25 en 25 anos, e con mais obrigacions de penitencia; e en Compostela é, como vai dito, todos os días do ano que cái en Domingo o día 25 de xulio. Así é que n'este siglo tócalle haber trece anos santos, e tócalle ser os tres últimos os anos 1880, 86, e 97.

¿Non vos parece, meus amiguiños, que ésta grandiosa regalia vale máis, que todo o ouro do mundo? ¿E non chorades d'alegría pensando nô grande thesouro que temos en Hispanha?

¡Ay, meus amigos! Esta gran regalía témola pô la bondá da Santa Iglesia. O primeiro que nos la dóu fúi o Padre Santo Calixto II, quen, sendo [4.1] Bispo de Viena, veu en peregrinacion á visitar o sepulcro glorioso do noso Santo Apóstol, e despois fúi confirmada por os Papas Euxenio III, Anastasio IV, e Alexandro III.

Decide ahora, meus amiguiños: ¿Cantas gracias non debemos dar decote á o noso bon Deus por tales favores? ¿E non sabédes tamén os muitiños máis que nos fixo por medio do noso Santo Apóstol? ¿E non sabedes canto nos axudóu contra os mouros? Vou á decir un d'eles.

Os mouros eran muy usureiros e deshonestos: non lles bastaba roubar cartos, e alhaxas, e terras, e homes pra esclavos; tamén arroubaban doncellas cristianas pra facer burla délas. Por mal dos pecados perderon os cristianos un dia grande batalla, e o rey mouro púxolles condicion afrentosa de darlle cada ano cen doncellas cristianas das mais nobles bonitas é guapas. E d'ista calamidade librounos o noso Santo Apóstol. Veredes como.

O señor rey cristiano D. Ranimiro que o era de Asturias, Galicia e Leon, repúxose á dar o infame tributo das cen doncellas: entoncos o galopin rey mouro Abderramen axuntóu un exército dun sin fin de mouros pra acabar cos cristianos. Víronse istes muy pretos, e en grandísimo peligro no pr[i]meiro dia da batalla, e a noite tiveron que acollerse a montaña de Clavixo na Rioxax. Mais no segundo dia baixaron do monte, ¡parecían leons! e atacaron de duro á os mouros. Entoncos, tanto mouros como cristianos, viron todos que por o aire viña un gran Señor nun cabalo blanco, e tiña na man isquerda un'a bande[i]ra con cruz, e na dreita un sable que parecía botar chispas de fogo. E isto animóu máis á os cristianos, e acabou d'aterrar á os mouros, que deron en fuxir á pés pra que vos quero; e n'aquel dia, dicen as historias mais seguras, que uns setenta mil mouros [4.2] quedaron mortos buscando á sua media luna debaixo dos pés dos cabalos, roendo pedras, comendo terra, e borbollando sangre...

Os demáis foron á buscar a sua media luna o máis lexos que puderon á uña de cabalo, sin atreverse á mirar pra o aire, por non ver outra vez á o guerreiro do cabalo blanco. ¿Quién era aquel Señor? Escuitade.

Na noite seguida á o primeiro dia da batalla en que os mouros ganaron terreno, o señor rey D. Ranimiro quedóu muy cabiloso, e muy angustioso, e chefísimo de pena, e dis-

currindo como podería vencer á os mouros: o pesar, a congoxa e o traballo rendírono, e quedou dormido. En seguida veu en soño un Señor muy respetable que lle dixo:

«Ranimiro: ten valor: eu son Iacob Apostol, á quen noso Deus fixo Tutelar da Hispanha. Non te aflixas máis: mañan atacade á os mouros de duro; éu serei o voso Capitan.

Iste, meus amigos, non é conto de bellas: está muy probada á verdá d'esta historia. Desde entonces non hubo mais tributo de doncellas; e todos os cristianos fixeron oferta á o Santo Apóstol o seu protector e defensor.

Contar as muitas mais veces que o Santo Apó[s]tol nos protexéu e cousa solo d'un libro muy grande. Tan solamente por o que dixen, ben vedes canto amor e devocion lle debemos ter; e pedirle sempre que nos libre de mouros de todas as castas, que ainda salen muitos da nosa terra, uns con media luna, e outros con luna enteira.

Salude, amiguiños: Deus, Nosa Señora, e o Santo Apóstol nos axuden sempre: Amen.

Burata do Pico-Sacro, a 23 de xunio do ano 1801.

PEPE HERMITAÑO

## 2. MOTIVACIÓN, DATACIÓN E AUTORÍA DO MANUSCRITO

Aínda que a primeira vista pareza que o texto non é máis que un simple panexírico do Apóstolo Santiago, cremos que o seu obxectivo fundamental non é outro que a defensa da historicidade da batalla de Clavixo —motivo que conta cunha extensión considerable no relato e que se sitúa estratexicamente ao seu remate—, e por tanto lembrarllas ás persoas a quen ía dirixido a obriga de pagar o Voto de Santiago. Esta renda eclesiástica de orixe medieval, ben estudada por Ofelia Rey Castelao, estaba a vivir desde as tres últimas décadas do século XVIII unha forte contestación popular que se vai intensificar no século XIX, ata que en 1834 se decreta a súa abolición definitiva (Rey Castelao 1993: 149 e ss.). Por outra parte, a Igrexa de Santiago, beneficiaria natural do Voto, atopábase nunha situación de debilidade económica nos anos inmediatos a 1801, despois de repetidas contribucións ao Estado para financiar as sucesivas guerras contra Francia (finalizada en 1795), Inglaterra (que se prolonga desde outubro de 1796 ata marzo de 1802) e Portugal (iniciada en maio de 1802, pero planeada desde o ano anterior) (López Ferreiro 1909: 93-107). Non parece raro, por tanto, que nestas circunstancias o cabido ou a mitra composteláns botasen man do púlpito para facer chegar a súa mensaxe ás masas campesiñas.

Ademais, algunhas alusións do texto que hoxe resultan opacas —pero que seguramente tiñan un referente claro para o auditorio da época— gañarían sentido poñéndolas en relación coa conflitividade orixinada arredor do cobro do Voto de Santiago. Cando o autor apunta que “muitos [galopíns] hay ainda” (1.2), ou que “ainda salen muitos [mouros] da nosa terra, uns con media luna, e outros con luna enteira” (4.2), pode-

ría estar a referirse aos opositores ao Voto, ben a contribuíntes que simplemente se opoñían a pagalo e podían provocar deste xeito unha contestación xeneralizada á renda, ben a individuos letrados que cuestionaban a súa controvertida lexitimidade ou que directamente negaban a presenza evanxelizadora de Santiago na Península e, por tanto, o posterior traslado dos seus restos a Galicia e a especial protección dada polo Apóstolo aos reinos cristiáns de España, e nomeadamente a súa participación na batalla de Clavixo (Rey Castelao 1985: 183 e ss.).

Téñase en conta, por outra parte, que o texto está datado a finais do mes de xuño (na véspera de San Xoán), e sabemos, segundo información facilitada oralmente por Ofelia Rey Castelao, que o pagamento do Voto se facía habitualmente entre os meses de xuño e agosto.

O que sen dúbida converte *Ó Apóstol Santiago* nunha peza singular é o feito de que estea redactado en galego, cuestión que atribuímos á procura da maior eficacia posible do discurso entre unha poboación rural fundamentalmente monolingüe naquela época (Mariño Paz 2003: 13-15); parece lóxico pensar que neste contexto unha alocución en galego facilitaría a comprensión da mensaxe e así mesmo incrementaría a súa emotividade. Na nosa opinión, as circunstancias que condicionan a escolla da lingua para a elaboración d'*Ó Apóstol Santiago* son substancialmente similares ás que poucos anos despois dan orixe a outros escritos galegos, por exemplo no contexto de mobilización do campesiñado na resistencia á invasión das tropas napoleónicas<sup>5</sup>.

Pero, quen pode estar detrás da autoría do noso texto? É difícil de saber. Os nomes de *Pepe Hermitaño* e *Burata do Pico-Sacro* dinnos moi pouco, ou máis ben nada. En realidade parecen responder a unha ficción que ten por obxecto ocultar a verdadeira identidade do autor e ao mesmo tempo facer crer que o texto foi escrito por un anacoreta ou eremita entregado á oración que vivía na soidade dunha cova (a Burata) no Pico Sagro, lugar, como se sabe, moi vinculado ás lendas xacobeas. Pepe Hermitaño, o suposto autor, convértese así nunha figura piadosa semellante ao “hermitaño chamado Payo” do relato, quedando o seu discurso revestido dunha pretendida autoridade moral que lle podería proporcionar unha meirande aceptación entre o auditorio. Non cremos, por tanto, que se deba entender o apelativo *Hermitaño* no sentido de ‘coidador dunha ermida’, a pesar de termos constancia da presenza de ermitáns que cumprían estas funcións de mantemento material nas inmediacións do Pico Sagro na época en que supostamente se escribe a versión manuscrita do noso texto<sup>6</sup>. As dúas Buratas que temos localizadas nesa zona son espazos que nunca foron habitados, segundo noticia de D. Antonio Maceira Gago, cura párroco de San Pedro de Vilanova e historiador do Arciprestado de Ribadulla<sup>7</sup>.

Na nosa opinión, é doado recoñecer no autor d'*Ó Apóstol Santiago* un home culto, unha persoa que manexa con soltura algunhas obras da historiografía xacobeas e tamén textos antigos (véxase o apartado que dedicamos ao estudo das fontes do texto); é pro-



bable que fose un crego ou, en todo caso, un home cunha vinculación directa coa Igrexa. O que non sabemos é se fixo o seu traballo inducido polo cabido ou a mitra composteláns ou se simplemente o escribiu de propia intención, respondendo a unha devoción particular.

Tampouco estamos en condicións de concretar a procedencia xeográfica do autor en base á presenza duns ou doutros trazos lingüísticos no texto. O que podemos apreciar é que botou man de formas que hoxe se rexistran en diferentes zonas do territorio galego, configurando un tipo de lingua que non responde a un modelo dialectal determinado, aínda que si se perciba nel un predominio de trazos de procedencia occidental<sup>8</sup>. Por outra parte, o nivel de castelanización da lingua empregada no texto, especialmente no que respecta ao plano da fraseoloxía, permite supoñer no seu autor unha procedencia vilega ou talvez urbana; doutra maneira, unha vinculación estreita co mundo rural habíalle proporcionar o coñecemento e manexo dun repertorio máis ou menos amplo de expresións e xiros do galego popular, sen que se vise na necesidade de recorrer sistematicamente ao calco do castelán. Teremos oportunidade de exemplificar e tratar polo miúdo estas cuestións cando nos ocupemos do estudo da lingua da peza.

### 3. SOBRE AS FONTES MANEXADAS

As lendas xacobeas compendiadas n'Ó *Apóstol Santiago*, na súa maioría de orixe medieval, coñeceron unha ampla difusión durante séculos ao seren sistematicamente recollidas, entre outras, en obras historiográficas postas ao servizo dos intereses da igrexa compostelá. É probable que o autor do texto que nos ocupa manexase varias destas obras ou outras similares, é dicir, que tivese ocasión de contrastar diversas fontes aproveitando para o seu relato os elementos que considerou máis oportunos. Esta é, cando menos, a impresión que se desprende da lectura do seguinte parágrafo:

Aquela Capela, ou hermita, era á que oxe chaman S. Felix de Solovio; anque o nome lexítimo é S. *Fins de Lovio*, segun os papéis mais bellos. (2.1)

A afirmación de que o nome tradicional de S. *Fins de Lovio* se atopa nos “papéis mais bellos” parece indicar que é unha forma descoñecida noutras fontes máis modernas, fontes que obviamente tivo que manexar o autor.

Pero cales foron as obras empregadas para a elaboración d'Ó *Apóstol Santiago*? A verdade é que non o sabemos con certeza. Poderíamos supoñer que o seu autor consultou os *Anales de el Reyno de Galicia* de Francisco Xavier de la Huerta y Vega, publicados en dous volumes probablemente entre 1734 e 1736. No libro oitavo do segundo volume (pp. 311-312) aparece transcrita a falsificación seiscentista que coñecemos como “Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores” (Monteagudo 1996). Nela recóllese a inscrición do “letreyro” atopado a carón do corpo do Apóstolo, que reproduce tamén Ó *Apóstol Santiago*. Polo que sabemos, a de Huerta y Vega é a única versión

impresa dese “letreiro” en que puido inspirarse o presunto anónimo autor do manuscrito por volta de 1801<sup>9</sup>; pero ocorre que o texto do prego presenta importantes diferenzas ortográficas con respecto á súa suposta fonte, ademais de incorporar algunha corrección lingüística (*lo fez* por *le fez*) ou de levar a cabo algún outro tipo de cambio (*Ioan* por *San Juan*<sup>10</sup>):

<i>Anales de el Reyno de Galicia</i>	<i>Ó Apóstol Santiago</i>
<p>Aqui jaz JACOBÓ Filho do Zebedeo, è de Salomè, Hirmao de San Juan, que matou Herodes en Jerusalem, è veo por Mar co os seus Discipulos fasta Iria-Flavia de Galicia, è veo nun Carro è Bois de Lupa, Señora deste Campo; è daqui non quijeron passar mais adiante; è San Cicilio Discipulo do Apostolo le fez, estando juntos os mais Discipulos.</p>	<p>Aquí iaz Iacobo filho do Zebedeo e de Salomé, Hirmao de Ioan, que matóu Herodes en Ierusalen, e veu por mar cós seus Discípulos fasta Iria Flavia de Galicia, e véo num carro e bois de Lupa señora d’este Campo, e d’[a]qui non quixeron pasar mais a diante; e S. Cecilio discípulo do Apóstol lo fez, estando iuntos os máis discípulos.</p>

Debemos apuntar que o autor d’*Ó Apóstol Santiago* prescindiu dunha aclaración que a “Memoria” incorporaba coa finalidade de facer máis verosímil o seu relato. Nesta obra advertíase, logo de recoller a inscrición do letreiro, que “estaba escrito esto en Grego é Latiño dentro do Moymento” (Monteagudo 1996: 361). Unha aclaración deste tipo quizais fose innecesaria para os potenciais destinatarios d’*Ó Apóstol Santiago*; se cadra, para a idea do autor, abondaba a presenza de certas formas arcaicas no texto (*fasta, fez, iaz*) para facer crible a súa antigüidade.

Curiosamente, un fragmento do “libro de la Hermandad de los Caballeros Cambeadores” que contiña a transcripción do letreiro apareceu nas páxinas do *Diario de Santiago*, nos números do 22 e 23 de agosto de 1877<sup>11</sup>. Fora copiado dunha obra publicada en 1870 polo cóengo arcediago compostelán José María Zepedano y Carnero (1870: 9-12), quen pola súa parte o recollera de Huerta y Vega. Esta circunstancia obríganos a considerar a posibilidade de que o texto do letreiro fose incorporado a *Ó Apóstol Santiago* no momento da impresión do prego —e que en realidade non formase parte do manuscrito orixinal—, talvez coa finalidade de completar a caixa de impresión da nova obra co relato dun novo episodio que podería enriquecela. É unha posibilidade que non deberíamos descartar pero sobre a que tampouco podemos facer afirmacións categóricas.

Noutra orde de cousas, sorprende n'Ó *Apóstol Santiago* a datación asignada á *inven-tio* dos restos apostólicos (vid. 2.2). En efecto, o ano 873 distánciase considerablemente das propostas máis comúns que viñan situando o achado nas primeiras décadas do século IX, e ademais contraponse abertamente á datación da concesión do Privilexio dos Votos, pretendidamente redactado e asinado no ano 834. É posible que se trate dun erro de copia polo ano 813<sup>12</sup>, erro que quizais habería que atribuír á man redactora máis ca aos impresores do prego; doutra maneira custa entender que a era DCDXI do texto estea ben calculada en función do ano 873 e non, como sería esperable, do 813.

Volvendo ao tema das fontes manexadas, cabería preguntarse a que obra ou obras se refire o autor cando fai mención deses “papéis mais bellos” que recollen o nome de *S. Fins de Lovio*. Quizais o lese nalgún texto notarial ou noutro tipo de documentación antiga. A forma *San Fijns de Loueo* aparece recollida na *Crónica de Santa María de Iria* (Vasques 2001: 108), cuxo orixinal autógrafo está depositado no Arquivo Catedralicio de Santiago, pero da que se conservaron máis copias en Galicia, cando menos ata fins do XIX (Souto Cabo 2001: 37-40). Consultase ou non o autor esta obra en concreto, o que parece probable é que o nome de *S. Fins de Lovio* proceda dalgún texto escrito en galego, sempre e cando non se deba a unha manipulación dos editores do prego. Dici-mos isto porque a forma *S. Fins de Lovio* tamén aparece nas liñas que anteceden o xa citado fragmento da “Memoria” publicado polo *Diario de Santiago* entre o 22 e o 23 de agosto de 1877, procedentes en última instancia do libro de Zepedano y Carnero (1870: 9):

La relacion mas exacta y circunstanciada de la invencion del cuerpo del Apóstol Santiago, Patron de España, se halla en el libro de la Hermandad de los *Caballeros Cambeadores* establecida en el siglo IX en el lugar de S. Fins de Lovio, modesta cuna de lo que después se llamó *Compostela*.

Mesmo se podería pensar que o parágrafo en que se localiza o nome *S. Fins de Lovio* (“Aquela Capela, ou hermita, era á que oxe chaman S. Felix de Solovio; anque o nome lexítimo é *S. Fins de Lovio*, segun os papéis mais bellos” —2.1— ) é todo el un engadido no prego, pois formas coma *oxe* (fronte a tres casos de *hoxe*) ou o plural *papéis*, aínda que non raras nas fontes escritas da época, si son excepcionais no conxunto do relato (véxase máis adiante no estudo lingüístico).

Antes de pasar ao seguinte apartado aínda debemos facer mención dun artigo publicado no *Diario de Santiago* que, baixo o título de “¡¡¡Compostela!!!”, apareceu anónimo o 24 de xullo de 1875 (reproducímoloo no “Apéndice”, ao final do traballo). Presenta, en xeral, un contido e unha estrutura similares aos que atopamos n'Ó *Apóstol Santiago*, salvando algunhas pequenas diferenzas. O que nos interesa do texto é a súa parte final, en que se fai referencia á celebración do Xubileu; nela detectamos un grao de semellanza c'Ó *Apóstol Santiago* que non parece debido á casualidade:

“¡¡¡Compostela!!!”	Ó <i>Apóstol Santiago</i>
<p>[...] todos los fieles cristianos que confesos y contritos visiten este santo templo y en él pidan á Dios el remedio de las necesidades de la Iglesia y del reino, pudiendo ser absueltos de todos sus pecados, aun de los reservados al Papa y ganar indulgencia plenaria, prévias dichas circunstancias, todos los dias del año en que cayere en Domingo la fiesta principal del Santo Apóstol y Patron de España, que se celebra el 25 de Julio, como aconteció este año.</p> <p>El Santo Jubileo romano solo tiene lugar cada 25 años, esto es, cuatro veces cada siglo; pero el Compostelano se puede ganar todos los años en que, como va dicho cayere en Domingo la festividad de nuestro Santo Apóstol y Patrono.</p>	<p>Todos os anos que é Domingo o dia 25 de xulio festa principal do bendito Apóstol Sant-Iago, é todos os dias ano santo, ou de xubiléo n’esta Santa Iglesia; e todos os cristianos poden ser absolvidos de todos os pecados, ainda dos reservados á o Papa (menos o da herexia mista) confesándose bén, e visitando devotamente a Santa Iglesia Catedral, rezando ou orando alí conforme á intencion dos Papas por as necesidades da Santa Iglesia e do reino.</p> <p>Pra entender algo da grandiosidá de esta regalía, hai que saber que solo en Roma hay outra igual, mais non é sinon de 25 en 25 anos, e con mais obrigacions de penitencia; e en Compostela é, como vai dito, todos os dias do ano que cáí en Domingo o dia 25 de xulio (3.2).</p>

Ademais, a interrogación retórica que pecha o artigo (“¿Cuanto no debemos gloriarnos los españoles, y mas aun los Compostelanos de privilegio tan singular?”) presenta certo paralelismo con fragmentos d’*Ó Apóstolo Santiago* coma: “¿Non vos parece, meus amiguiños, que ésta grandiosa regalía vale máis, que todo o ouro do mundo? ¿E non chorades d’alegría pensando nô grande thesouro que temos en Hispanha?” ou “¿Cantas gracias non debemos dar decote á o noso bon Deus por tales favores?”.

Pero, como explicar estas coincidencias? Na nosa opinión, puido producirse unha das seguintes situacións:

- que tanto o artigo “¡¡¡Compostela!!!” coma *Ó Apóstol Santiago* acudisen a unha fonte común nesta parte (redactada necesariamente antes de 1801);
- que o artigo, publicado en 1875, servise de fonte para o prego, publicado despois dese ano. Poderíamos pensar de novo que os editores d’*Ó Apóstol Santiago* bota-

ron man deste artigo para obter material de recheo co que completar a caixa de impresión das catro páxinas do prego.

Evidentemente é unha cuestión que, á falta do manuscrito orixinal d'Ó *Apóstol Santiago*, non estamos en condicións de resolver.

#### 4. A PUBLICACIÓN DO TEXTO

Sabemos, polo pé de imprenta (Santiago: Imp. de EL DIARIO, San Francisco núm. 9), que o prego que estamos a estudar se deu a lume entre os anos 1876 e 1878. Revisando a colección do *Diario de Santiago*<sup>13</sup> (1872-1878) puidemos comprobar que o xornal comstelán trasladou as súas dependencias ao número 9 da rúa de San Francisco o 1 de xaneiro de 1876, e que se mantivo neste enderezo ata a súa desaparición, o 30 de decembro de 1878, cando deu paso a unha nova cabeceira, a *Gaceta de Galicia*<sup>14</sup>. Non nos é posible, polo de agora, ofrecer unha data máis precisa da súa saída do prelo.

É evidente que as causas que motivaran a escrita d'Ó *Apóstol Santiago* a comezos do século XIX non podían ser as mesmas ca as que estaban detrás da súa publicación pasados máis de setenta anos, unha vez que quedara abolido o Voto de Santiago de maneira definitiva en 1834. Cremos que na decisión de recuperar o vello manuscrito puideron confluír varios factores.

Por unha parte, debeu de ser unha razón importante para os seus editores o feito de que o texto estivese escrito en galego. Aínda que o *Diario de Santiago* non destacou especialmente por incorporar textos galegos nas súas páxinas<sup>15</sup>, si tomou parte na polémica xurdida a raíz da proposta de *El Heraldo Gallego*, feita en decembro de 1876, de promover o uso do galego na prensa do país. O 5 de febreiro de 1877 o *Diario de Santiago* publicaba na súa portada un editorial apoiando a iniciativa do xornal ourensán, algo ao que non debeu de ser allea a amizade que mantiña Alfredo Vicenti con Valentín Lamas Carvajal<sup>16</sup>.

Pero Ó *Apóstol Santiago* tamén contaba cun contido atractivo. A obra ofrecía un compendio das principais lendas xacobeas a través dunha prosa sinxela —aínda hoxe resulta amena e instrutiva a súa lectura—, e isto nun momento en que a igrexa comstelá procuraba revitalizar o culto ao Apóstolo Santiago<sup>17</sup>; sabemos que desde a súa chegada á arquidiocese, en febreiro de 1875, o cardeal Miguel Payá y Rico mantivo unha boa relación co *Diario de Santiago*, chegando mesmo a converterse en colaborador do xornal (Durán 2001: 43). Se cadra foi este entendemento coas esferas eclesiásticas —truncado radicalmente algún tempo despois— o que levou a Manuel Bibiano Fernández a dar saída do prelo a algúns textos de contido relixioso, entre eles a Ó *Apóstol Santiago*<sup>18</sup>, cos cales se contribuíría á causa da devandita revitalización do culto xacobeo impulsada polo cardeal Payá.

E, por suposto, a produción deste tipo de obras efémeras e de baixo prezo facíase tamén, ou fundamentalmente, con fins comerciais; non cremos que Ó *Apóstol Santiago* fose unha excepción a isto que dicimos.

Ignoramos se na impresión do texto se suprimiu algunha parte do manuscrito orixinal que estorbase ou carecese de interese, segundo a idea dos editores, para a súa nova finalidade. Detectamos en cambio, ademais dos posibles casos mencionados na epígrafe anterior, un pequeno fragmento que moi probablemente foi engadido no impreso. Refe-rímonos ao remate dun dos parágrafos en que se explican os beneficios do privilexio do Ano Santo compostelán:

e en Compostela é, como vai dito, todos os días do ano que cái en Domingo o día 25 de xulio. Así é que n'este século tócalle haber trece anos santos, e tócalle ser os tres últimos os anos 1880, 86, e 97. (3.2 —as itálicas son nosas—).

Está claro que dificilmente se podería xustificar nun texto de 1801 esta referencia aos anos finais do século XIX. Por sorte, podemos establecer con bastantes garantías o carácter apócrifo desa oración, en base a uns trazos lingüísticos que difiren do que é a norma no resto do texto: por unha parte, atopamos o pronome de dativo *lle* referido a unha terceira persoa de plural, cando o uso de *lle* e *lles* está perfectamente diferenciado ao longo d'Ó *Apóstol Santiago*; pola outra, represéntase a contracción da preposición *a* e mais o artigo *o* como *o*, no canto de *á o* ou *a o* (véxase máis adiante no estudo lingüístico). O que non podemos saber é se este fragmento é un simple engadido introducido cunha finalidade actualizadora no relato, ou se substitúe algunha referencia que conviña modificar por resultar obsoleta (por exemplo unha alusión ao Ano Santo de 1802). O que si parece indicar o engadido é que entre a redacción do texto e a súa impresión debeu transcorrer un período de tempo considerable.

## 5. ESTUDO LINGÜÍSTICO

Ó *Apóstol Santiago* presenta trazos que poñen en evidencia que inicialmente foi concibido como unha alocución dirixida a un auditorio a quen se lle ía dispensar un trato paternalista tinxido de patentes aires de superioridade. O grupo de persoas para quen fala o predicador é a cada pouco interpelado por medio de vocativos cuxo núcleo é o substantivo *amigos*:

- Isto, meus amigos, quer decir... (1.1).
- E, meus amigos, xa veredes ó que se descubréu (2.2).
- ¡Ay, meus amigos! (3.2).
- Iste, meus amigos, non é conto de bellas (4.2).

A miúdo o que se utiliza como núcleo do vocativo é o diminutivo *amiguiños*, que ao noso parecer transloce con clareza a actitude de superioridade con que o emisor se dirixe ao receptor, xa que este resulta infantilizado polo emprego de tal tratamento:

- Meus amiguiños: salude e pas en noso Señor Iesucrhisto (1.1).

- ¿Non vos parece, meus amiguiños, que ésta grandiosa regalia vale máis, que todo o ouro do mundo? (3.2).
- Decide ahora, meus amiguiños (4.1).
- Salude, amiguiños: Deus, Nosa Señora, e o Santo Apóstol nos axuden sempre: Amen (4.2).

A intención didáctica que con certeza ten o texto, como de peza oratoria dirixida por un mestre ou preceptor a un grupo de rapaces ignorantes e inocentes, márcase de modo constante mediante interpelacións coas que se busca orientar o auditorio sobre todo o relativo á doutrina que se lle está a inculcar. O emprego reiterado do verbo *ver* nas acepcións de ‘advertir’, ‘percibir’ ou ‘comprender’ vai reclamando a atención dos oíntes sobre aqueles aspectos da exposición que o predicador estima máis importantes, e mesmo pode sinalarlles as conclusións que ao seu xuízo deben tirar do relato que lles está a facer, como acontece no primeiro e no último dos seguintes casos:

- E por entónces, debéu ser, cando o galopin de Herodes (muitos hay ainda) mandóu degollálo por causa do muito celo con que predicaba a santa ley, e das muitas conversions que facía de almas pra o reino de Deus. *¡Xa se vé!* Era muy valente e nada medoso: era bén FILLO DO TRONO (1.2).
- E por isto chegóu á quedar ignorada por muito tempo cousa de tanto valer, hasta que Deus quixo dálo á conocer, *como verédes* (2.1).
- Todos traballaron de alma; e, meus amigos, *xa veredes* ó que se descubréu (2.2).
- E d’ista calamidade librounos o noso Santo Apóstol. *Veredes como* (4.1).
- Tan solamente por o que dixen, *ben vedes* canto amor e devocion lle debemos ter (4.2).

A mesma función orientadora do discurso desempeñan ao noso ver estas concatenacións de interrogacións:

- ¿Non vos parece, meus amiguiños, que ésta grandiosa regalia vale máis, que todo o ouro do mundo? ¿E non chorades d’alegría pensando nô grande thesouro que temos en Hispanha? (3.2).
- Decide ahora, meus amiguiños: ¿Cantas gracias non debemos dar decote á o noso bon Deus por tales favores? ¿E non sabédes tamén os muiños máis que nos fixo por medio do noso Santo Apóstol? ¿E non sabedes canto nos axudóu contra os mouros? Vou á decir un d’eles (4.1).

Na seguinte pasaxe o uso do imperativo ten a función de manter a atención do auditorio, en quen se procura fomentar a inclinación a que se lle desvele a identidade do misterioso guerreiro do cabalo branco que coa súa intervención esfarelou as tropas musulmás que participaron na batalla de Clavixo: “¿Quién era aquel Señor? *Escuitade*” (4.2).

O que temos, pois, neste prego é a publicación dunha alocución piadosa dirixida por un emisor instruído a un ignorante receptor colectivo. Ora ben, como imos ver de seguido, a exposición, aínda que non se desprende por completo dos tons populares, adórnase con elementos lingüísticos de procedencia culta que cómpre atribuír a un autor cunha non desdeñable formación humanística e con certos coñecementos do galego medieval.

## 5.1. NIVEL GRÁFICO

### 5.1.1. Acentuación

Úsanse no texto que estudamos os tiles agudo e circunflexo, mais con funcións distintas para cada un deles. O agudo, ademais de indicar a sílaba tónica, asume funcións delimitativas cando, colocado sobre certos monosílabos, sinala a súa independencia fronte ás vogais que os preceden ou os seguen, tal como se facía no castelán de principios do século XIX e da década de 1870. Por iso o vemos situado sobre *ó* (2.2) e *á* (1.1., 1.2, etc.) artigos, sobre *á* (1.2, 2.1, etc.) preposición, sobre *á* (2.2, 3.1) contracción da preposición *a* e o artigo feminino *a*, sobre *é* (1.1) conxunción copulativa ou sobre *é* verbo (por todo o texto), mais sen manter a coherencia, xa que igualmente se len no impreso *o* (1.1, 1.2) e *a* (1.2) artigos, *a* (1.1) preposición, *a* (2.1, 2.2, 4.1) contracción da preposición *a* e o artigo feminino *a*, e (1.1, 1.2, 2.2) conxunción copulativa e *e* (3.2, 4.2) terceira persoa do singular do presente de indicativo do verbo *ser*.

Pola súa parte, a acentuación constante de *fúu* debe de estar inspirada pola que co seu correlato castelán *fué* se practicaba durante o século XIX.

Tamén en consonancia co que se facía no castelán da época, acentúanse as palabras agudas terminadas en vogal: *alí* (1.1, 2.1, etc.), *aquí* (2.2), *así* (3.2), *bondá* (3.2), *está* (4.2), *grandiosidá* (3.2), etc., con excepcións como *d'[a]qui* (2.2). Cabe conectar con este hábito a moi frecuente acentuación das palabras que levan na última sílaba un ditongo decrecente, palabras que na inmensa maioría dos casos contaban con correlatos casteláns con til agudo por seren voces oxítonas cuxa última sílaba tiña unha soa vogal ou un ditongo crecente: *ademáis* (3.2), *demáis* (4.2), *despóis* (1.1), *avisóu* (2.1), *cabilóu* (2.1), *cantóu* (2.1), *chegóu* (2.1, 2.2), *descubrēju* (2.2), *escachizóu* (3.1), *escribēju* (2.2), *fluxēju* (3.1, 2 veces), *papéis* (2.1), etc. Descoidos ou incoherencias do autor ou do impresor son *caieu* (3.1), *despois* (3.1, 4.1), *mandou* (2.2), *pasou* (2.1), *quedou* (3.1), *serei* (4.2), *tomou* (3.1), etc.

Coma no castelán do tempo, non se pon til agudo sobre as voces oxítonas acabadas en consoante nasal: *bordon* (2.2), *bribon* (3.1), *Capitan* (4.2), *devocion* (3.1), *galopin* (1.2, 4.1), *latin* (2.2), *mañan* (4.2), *oracion* (2.1), *segun* (2.1), *sinon* (3.2), etc., coa única excepción de *tamén* (2.2, 4.1). Esta norma esténdese ata aqueles substantivos que en plural acaban no grupo <-ns>: *conversion* (1.2), *leons* (4.1), *obligacions* (3.2), *persecucions* (2.1).

Das palabras terminadas no hiato /'ia/ non se acentúan os nomes bisílabos ou polisílabos *dia* (2.1, 3.1, 3.2, 4.1, 4.2), *dias* (2.1, 3.2), *disenteria* (3.1), *herexia* (3.2), *Maria* (1.2),



*regalia* (3.2), pero si *alegría* (3.2) e *regalía* (3.2). Coas formas dos copretéritos da CII e a CIII e dos verbos irregulares o normal é a acentuación, mais non sen algunha excepción: *atendía* (2.1), *debía* (2.1), *facía* (1.2), *parecían* (4.1), *sufrían* (2.1), *había* (2.1), etc.

Con certeza, a acentuación da forma de antepretérito *acompañáran* (1.2) está inspirada na coetánea norma castelá de marcar con til as formas do pretérito imperfecto de subjuntivo dos verbos da CI, que así se distinguían das do futuro de indicativo: *amára* / *amará*, *amáras* / *amarás*, etc. Con todo, atenta contra esta norma a P6 *quedaran* (3.1).

Podemos dicir, en definitiva, que, como na xeneralidade dos textos galegos da época, n'Ó Apóstol Santiago transplantáronse para a nosa lingua as regras de acentuación que naquel tempo tiña establecidas a Real Academia Española para o castelán, mais sen atinxir os requisitos de sistematicidade que na actualidade se consideran de rigor nas publicacións impresas.

Pola súa parte, o til circunflexo non é nesta peza sinal de tonicidade, como mostra *nâquel* (2.1), senón marca distintiva das palabras en que se produciu unha asimilación, unha contracción, unha síncope, ou, independentemente da forma que adoptase, a fusión de dúas unidades: *nô* (3.2), *nâ* (1.1, 2.1, 2.2), *nûn* (1.1, 2.1), *pô lo* (1.2, 2.2), *pô la* (2.1, 3.2), *pô los* (3.1), *pô las* (2.1), *nêl* (2.2), *nêla* (1.1, 1.2), *nâquel* (2.1), *degollâlo* (1.2), *dâlo* (2.1), *cô* 'con o' (2.1), *côs* 'con os' (2.2, 2 veces), *prô* 'pero' (3.1). O seu uso no substantivo *prô* ("personas de *prô* e rango", 3.1) está sen dúbida inducido polo que se dá coa conxunción adversativa homófona. Por veces falta o til circunflexo alí onde, en coherencia cos usos anteriormente sinalados, debería ou podería estar, ou ben emprégase no canto del o apóstrofo ou o til agudo: *no* (1.2, 2.2, 3.1, etc.), *na* (2.2, 3.1), *nun* (4.1), *co* 'con o' (1.2, 3.1), *pro* 'pero' (3.1), *n'aquel* (4.1), *n'aquela* (3.1), *poñela* (1.1), *visitála* (3.2), etc. Evidentemente, estes usos do til circunflexo non podían inspirarse na ortografía castelá decimonónica, que os descoñecía.

### 5.1.2. Uso e valores do apóstrofo

Ademais de se empregar como compoñente do signo gráfico con que se representa a consoante nasal velar en posición interior de palabra (<n'>, *un'a*), o apóstrofo utilízase n'Ó Apóstol Santiago para marcar só tres casos de elisión vocálica: *terra d'Hispanha* (1.1-1.2), *d'alegría* (3.2) e *d'aterrar* (4.1). Tamén podería haber unha elisión propositada no sintagma *en todo [o] mundo* (3.1), mais coidamos que a escritura de *toda a terra* que se le inmediatamente despois invita a considerar o primeiro destes dous exemplos como o resultado dunha omisión involuntaria, polo que optamos na nosa edición pola restitución do artigo.

Vese alén disto unha notable constancia no uso do apóstrofo como sinalador dos encontros das preposicións *de* e *en* con artigos indeterminados, demostrativos, pronomes persoais e o adverbio *aquí*, mais non unha sistematicidade, pois, como antes vimos, estas fusiões tamén poden estar indicadas mediante un til circunflexo: *d'un* (4.2), *d'un'a*

(3.1), *d'este* (2.2), *d'esta* (4.2), *d'ista* (4.1), *d'eles* (4.1), *d'[a]qui* (2.2), *n'este* (3.2), *n'esta* (3.2), *n'aquel* (4.1), *n'aquela* (3.1). Soldadura completa haina nos casos de *délas* (4.1; talvez un simple erro mecánico por *d'elas*), *dun* (4.1) e *nun* (4.1). A integridade da preposición e o artigo ou o demostrativo mantívose en *de uns* (2.1), *de esta* (3.2).

Creemos que en conxunto o uso do apóstrofo neste impreso está máis próximo da moderación propia da maioría dos textos das primeiras décadas do XIX ca dos excesos dalgúns dos que se compuxeron durante a época do Rexurdimento.

### 5.1.3. Representación gráfica do fonema /i/

Como é normal nos textos decimonónicos, este fonema vocálico represéntase mediante os signos gráficos <i> e <y>. O primeiro deles é o único que se utiliza nas posicións de núcleo silábico tónico ou átono (*discípulos*, 1.2; *divino*, 3.1; etc.) e de marxe prenuclear posconsonántica (*Iria-Flavia*, 2.1.; *noticia*, 2.2; etc.); a maiúscula <I> ocorre na forma gráfica *Sant-Iago* (3.2), de inspiración arcaizante. Nas restantes distribucións hai alternancia entre un e outro grafema, mais con tendencias bastante ben definidas.

Na marxe prenuclear intervocálica o uso maioritario no texto é o inspirado polo modelo do castelán, para o que xa a RAE dispuxera no século XVIII que como representación de consoante que “hiriese vocal” se utilizase <y> en voces como *rayo* ou *yerro*. No castelán se inspiran, pois, *atalayas* (3.1), *mayo* (3.1), *oyo* (1.1), *Payo* (2.1), *rayo* (3.1), *rayos* (2.1, 2.2) e, obviamente, tamén os castelanismos *ayuno* (2.1) e *Pelayo* (2.1). Só o iode antihiático de *caieu* (3.1) se marcou por medio de <i>, talvez porque no seu caso se percibía con nitidez unha realización semiconsonántica, ao paso que en *atalayas*, *rayo*, etc. quizais se daba xa, no idiolecto, no sociolecto ou no dialecto do autor, unha pronuncia plenamente consonántica, en liña coa dos seus correlatos casteláns.

Na posición posnuclear interior de palabra domina <i>, tanto en sílaba interna coma en sílaba final de palabra: *muito* (1.1, 1.2, etc.), *reino* (1.2), *terceiro* (1.1), *bois* (2.2), *Despóis* (1.1), *demáis* (2.2), *papéis* (2.1), etc. Como reliquia da norma que para o castelán defendera a Real Academia Española ata 1815<sup>19</sup> preséntase unicamente a voz *letreyro* (2.2), que debeu de inspirarse na fonte antiga de que o autor se serviu para compoñer esta pasaxe, probablemente os *Anales* de Huerta y Vega, lidos directamente ou a través das transcripcións de Zepedano ou de Francisco Romero Blanco (Franrobla). Na *Ortografía* académica dese ano 1815 dispuxérase que no castelán se utilizase sempre <i> cando houberse que representar os ditongos decrecentes con [j] en posición interior de palabra (*amabais*, *reino*...), mentres que <y> se reservaría para os que se daban na posición final (*ley*, *soy*...) (cf. Real Academia Española 1815: 35-37, 56-58). Ó *Apóstol Santiago* non se axusta perfectamente a esta última norma, pois, alternando con *Ay* (3.2), *Hay* (3.2), *hay* (3.2, 2 veces), *ley* (1.2), *muy* (1.2, 2.1, etc.), *rey* (2.2, 3.1, etc.) e *Rey* (3.1), aparecen as formas verbais *cái* (3.2), *foi* (1.1), *fúi* (1.1, 2.1, etc.), *hai* (3.2), *serei* (4.2) e *vai* (3.2). Parece que houbo un seguimento espontáneo desta norma cando había

coincidencia entre as formas galega e castelá (salvo en *hai*, 3.2), mentres que coas que eran soamente galegas (*cái*, *foi*, *fúu*, *serei*, *vai*) resultou máis doado escapar do seguidismo respecto do idioma dominante.

#### 5.1.4. Representación gráfica do fonema /b/

Neste particular o texto amósase bastante respectuoso coas normas de inspiración etimoloxizante que a RAE viñera auspiciando para o castelán desde 1726. Mesmo se observa un seguimento escrupuloso dalgunhas das regras innovadoras que con máis empeño tivo que defender a institución académica madrileña durante os séculos XVIII e XIX, para dese xeito desterrar hábitos que pola súa permanencia secular arraigaran con firmeza (cf. Mariño Paz 2003: 42-43). Así, escríbense sempre con <b> os sufixos modo-temporais dos copretéritos da primeira conjugación: *botaba* (2.1), *cuidaba* (2.1), *estaba* (2.1), *predicaba* (1.1), etc.; con <b> tamén todas as formas do verbo *haber* e mais o copretérito de *ir*: *habia* (2.1), *había* (2.1), *hubo* (4.2), *iba* (3.1); con <v> as formas do pretérito de indicativo de *ter*: *tuvo* (1.1), *tuveron* (4.1); e con dous <v>, finalmente, o verbo *volver* (1.2), deixando de lado o vello costume, ben vivo polo menos ata a primeira metade do XVIII, de escribir *volber* ou *bolver* para así non xuntar dous bes ou dous uves na mesma palabra.

Só contraveñen a norma de orientación etimolóxica *bellos* ‘vellos’ (2.1) e *bellas* (4.2) e, por outra parte, *cabilóu* (2.1) e *cabiloso* (4.2). Con todo, cómpre advertir que hai coherencia nestas escollas, pois en ningún caso se le nin o lexema *vell-* nin o lexema *cavil-*.

O <b> de *dúbida* (1.1) pode revelar unha non desdeñable finura na análise lingüística realizada por quen fose o responsable da súa escritura, pois o castelán do século XIX xa non contaba para este substantivo cunha forma viva que se ofrecese inmediatamente ao interesado como unha referencia ortográfica. Admitimos que o uso de <b> con esta voz puido responder a unha escolla realizada de maneira intuitiva, quizais inspirada polo coñecemento da antiga variante castelá *dub'da*. Ora ben, non temos por que rexeitar a hipótese de que o autor do texto, sabedor do étimo latino da voz<sup>20</sup> e ben disposto ao respecto dos criterios da ortografía de orientación etimolóxica, fixese que estes prevalesesen sobre a información que puidese ter verbo das formas que este substantivo adoptara no galego medieval, con <u> ou con <v>. E non nos parece probable que esta persoa ignorase a existencia dos antigos *dóuida*, *dúuida*, etc., posto que debeu de ser o seu coñecemento o que o moveu a desterrar da súa alocución o castelanismo *duda*, que no século XIX xa se usaría adoito na lingua galega oral, como fan supoñer os non poucos rexistros que nos textos da época se lle atopan no *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG) e os ben máis escasos que na mesma fonte se ven para *dúbida*.

#### 5.1.5. Representación gráfica do fonema /ʃ/

É patente n'Ó *Apóstol Santiago* a tendencia a representar este fonema só mediante o grafema <x>, independentemente de como se escribisen os étimos de cada unha das palabras

que o levasen ou de como esas palabras se escribisen no galego medieval, no castelán, no portugués, no francés ou noutras linguas románicas. A esta regra simplificadora, dominante aínda que controvertida no século XIX, responden *aflixas* (4.2), *axiña* (2.2), *axuda* (2.1), *auxe* (3.1), *baixaron* (4.1), *debaixo* (4.2), *exército* (4.1), *fluxir* (4.1), *herexias* (3.2), *hoxe* (1.1, 2.1, 2.2), *imaxen* (1.1), *monxe* (2.1, 3 veces), *protexéu* (4.2), *xulio* (3.2, 2 veces), *xunio* (4.2), *xunto* (1.1, 2.2), etc. Naturalmente, o emprego en exclusiva de <x> esténdese a aquelas formas verbais do pretérito de indicativo de verbos irregulares que, por seren moi particulares do galego, suscitarían moitas dúbidas a quen quixese escribilas ensaiando unha distinción entre <g>, <j> e <x>: *dispuxo* (2.1), *dixen* (4.2), *dixo* (4.2), *fixeron* (2.1), *fixo* (3.1, 3.2, 4.1, 4.1), *puxose* (3.1), *quixeron* (2.2), *quixo* (1.1, 2.1), *repúxose* (4.1), *trouxo* (1.1), etc. Os castelanismos lexicais e os exónimos con fonema /x/ adaptaciónse sempre con <x>: *alhaxas* (4.1), *Clavixo* (4.1), *Evanxelio* (1.1), *Euxenio* (4.1), *lexos* (4.2), *Rioxa* (4.1).

Esta norma simplificadora só coñece dúas aparentes excepcións. En primeiro lugar, escribíronse con <I> inicial todos os nomes propios tomados da tradición bíblica cos que se designan santos, papas ou cidades, ou ben a Xesús Cristo: *Iacobo* (1.1, 2.2), *Iacob* (4.2), *Iapha* (1.2), *Iesuchristo* (1.1, 1.2), *Iesuchristo* (1.1, 2.2), *Ierusalem* (1.2), *Ierusalen* (2.2), *Iesus* (1.1), *Ioan* (2.2, 3.1). Cremos que se trata dunha grafía histórica que no impreso que estudamos se utiliza só con nomes propios usados adoito nos textos xacobeos e cos que ao autor lle debeu de resultar chocante e, por tanto, indesexable, a adopción das innovacións gráficas que portarían *Xacobo*, *Xapha*, etc.

A outra excepción afecta as unidades *iaz* (2.2) e *iuntos* (2.2), que non por casualidade se concentran na lenda do “letreiro” que segundo o relato se encontrou dentro do sepulcro do apóstolo. Cremos que se trata de usos gráficos inducidos, e non producidos espontaneamente polo autor d’*Ó Apóstol Santiago*. A norma deste é, como vimos, o uso simplificador de <x>, que mesmo se estende ata a forma verbal *quixeron* (2.2), que, contida na lenda do “letreiro”, aparece nos *Anales* de Huerta y Vega como *quijeron*. Lembremos, a este respecto, que para o castelán a Real Academia Española dispuxera en 1726 que se abandonasen os usos de <i> con valor consonántico, reservándolle o de representar, xunto a <y>, a vogal /i/.

Dado, pois, o uso simplificador característico deste impreso (coas aparentes excepcións sinaladas), inclinámonos a pensar que *privilegios* (3.2) e *privilegiada* (1.2) son dous castelanismos lexicais que remiten a unha lectura con consoante fricativa, velar, xorda, e non a unha lectura con /f/.

### 5.1.6. Representación gráfica do fonema /ŋ/

En posición explosiva e intervocálica esta consoante represéntase sempre mediante o signo <n’>: *un’a* (1.1, 2.1, etc.). Trátase dun signo composto en que o apóstrofo sinala con certeza que a consoante nasal se percibía como implosiva, é dicir, como marxe posnuclear da primeira sílaba do artigo indeterminado e non como marxe prenuclear da

segunda. Esta foi a percepción que prevaleceu entre os cultivadores e estudiosos do galego durante todo o século XIX, por máis que tal percepción se traducise preferentemente en marcas gráficas ausentes n'Ó *Apóstol Santiago*: a maioritaria <nh>, ou ben outras como <n-h> ou <n h> (cf. González Seoane 1992: 152-160; Mariño Paz 2003: 50-53; Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei 2005: 219-222). Así, pois, o autor deste texto coincidiu coa xeneralidade dos seus contemporáneos na percepción desta consoante nasal como implosiva, mais singularizouse ao decidir expresala por medio de <n'>, un signo gráfico que, ao noso xuízo, parece máis propio dun texto de principios do XIX ca dunha obra máis serodia, pois conforme avanzaba o século íase producindo tamén a consagración de <nh> para a representación de /ɲ/ en posición interior de palabra.

En posición final de palabra a consoante nasal represéntase case sempre con <n>, con só dúas excepcións: *Ierusalem* (1.2) e *num* (2.2). Trátase de dúas formas con sabor arcaizante que deberon de ser tomadas das fontes manexadas e que, por outra parte, alternan con variantes escritas con <-n>: *Ierusalen* (2.2), *nûm* (1.1, 2.1), *nun* (4.1).

### 5.1.7. Representación gráfica dos fonemas /k/ e /ɲ/

Na gran maioría dos casos estes dous fonemas palatais correspóndense no texto cos grafemas que lles son habituais nas fontes galegas do século XIX e nas anteriores: <ll> e <ñ>, respectivamente. A esta norma só escapan dúas unidades en que a escolla a prol de <lh> e <nh> debe de estar motivada polo respecto ás fontes en que o autor se debeu de inspirar para elaborar o seu relato. Referímonos, en primeiro lugar, a *filho* (2.2), substantivo que significativamente aparece dentro da inscrición que contiña o “letreiro” que se atopou no interior do sepulcro do Apóstolo Santiago, inscrición onde, con todo, lemos tamén *señora* (2.2) e non *senhora*. A indución que nesta elección do dígrafo <lh> exerceu a fonte ponse de manifesto ao comprobar que na columna 1.2 se escribiu *FILLO*, non *FILHO*, e, así mesmo, ao ver que no texto do letreiro que se le nos *Anales* de Huerta y Vega se encontran, coma n'Ó *Apóstol Santiago*, <lh> e <ñ> en *Filho* e *Señora*.

A outra unidade que escapa á norma antedita é o topónimo *Hispanha* (1.1, 1.2, 3.2, 4.2), que non coñece excepcións e que semella ter inspiración libresca. Resistímonos a crer que este *Hispanha* remitise a unha lectura etimolóxica /is<sup>h</sup>pania/, xa que <h> con valor de /i/ non era propio nin do galego medieval nin, desde logo, do galego posmedieval.

### 5.1.8. Uso do grafema <h>

Desde que en 1726 publicara a súa primeira proposta ortográfica, a Real Academia Española viñera empeñándose en adoptar e difundir para o castelán unha norma tendente ao emprego de <h> cun criterio de orientación etimolóxica (usaríase coas voces que na súa orixe tivesen <h> ou <f->), aínda que contrapesado pola atención ao uso establecido en casos coma os das palabras que comezan coa sílaba *hue-* (*hueco*, *huebra*, *huevo*, *huela*)<sup>21</sup> ou outras coma *aborrecer*, *arpa* ou *armonía*. En xeral, os que escribiron en galego

durante os séculos XVIII e XIX non escaparon nin ás normas nin aos usos establecidos que rexeron para o castelán naquela época, e o autor d'Ó *Apóstol Santiago* non constituíu neste aspecto unha excepción.

O respecto das normas e usos do castelán dáse no prego non só coas voces, antropónimos e topónimos en que o emprego de <h> resultaba etimolóxico, senón tamén con aquelas en que non o era. Así, escribiuse *deshonestos* (4.1), *herexia* (3.2), *Herodes* (1.2, 2.2), *Hesperia* (1.1), *historia* (4.2), *historias* (4.1) e *homes* (4.1), pero tamén *Hacharon* (2.2) e *Hirmao* (2.2, na lenda do “letreyro”). É lóxico que ese respecto se dese tamén nos castelanismos *alhaxas* (4.1), *hasta* (2.1, 3.1) e *hubo* (4.2).

A vacilación entre *hoxe* (1.1, 2.1, 2.2) e *oxe* (2.1) non era rara no galego daquel tempo, e seguramente pesou sobre ela a vella alternancia entre *oy* e *hoy* en castelán. En 1737 a RAE (1726-1739: s.v.) aínda daba como forma canónica a variante gráfica *oy*, pero apuntaba isto: “Viene del Latino *Hodie*, por cuya razon parece se debia escribir con *h*, pero el uso comun lo escribe sin ella”. No seu dicionario de 1780 a institución madrileña xa colocaba *hoy*, pero o *Corpus Diacrónico del Español* (CORDE) aínda ofrece non poucas ocorrencias de *oy* en fontes do XIX.

Aínda que antietimolóxico, gozaba entón de non pouca fortuna o emprego de <h> en *hermita* (2.1) e *hermitaño* (2.1), *HERMITAÑO* (4.2), dous evidentes castelanismos do galego moderno. A RAE xa canonizara o uso de *ermita* e *ermitaño* no seu primeiro dicionario, mais vírase na necesidade de facer a seguinte observación baixo a entrada *ermitaño*, saída do prelo no ano 1732: “Algunos escriben esta voz con *h*, diciendo *Hermitaño*; pero se debe escribir sin ella, según su origen del Latino *Eremita*” (Real Academia Española 1726-1739: s.v.). O CORDE aínda amosa varias ocorrencias de *hermita* e *hermitaño* en textos decimonónicos.

Uso etimolóxico, mais probablemente inspirado pola fonte ou fontes utilizadas para elaborar o texto, haino no caso de *Hispanha* (1.1, 1.2, 3.2, 4.2). Como mostra o CORDE, *Hespaña* e *hespañol* son raros no castelán escrito do século XVIII e non se rexistran xa no do XIX.

### 5.1.9. Uso dos dígrafos <ch>, <ph> e <th> nas voces de orixe grega

No seu intento de poñer orde na ortografía castelá da época, a Real Academia Española propuxo en 1726 que estes tres dígrafos, xunto coas letras <y> e <k>, se usasen coas palabras de orixe grega ás que lles cumprise levalos. As razóns en que esta proposta se fundamentaba eran de índole etimoloxizante:

igualmente se han conservado para la expresión y notoriedad de las voces Griegas admitidas en nuestra Lengua algunas letras suyas, quales son la *Y, K, Ch, Ph, Th*, y esto no porque se necesite de ellas para su pronunciación, sino para que se distingan y conozcan, à imitación de lo que acostumbraron los Latinos, de quienes las hemos tomado, y de lo que hacen otras Naciones que tambien las mantienen, aunque para pronunciarlas no las necessitan (Real Academia Española 1726-1739: I, LXIX).

Esta aposta inicial pola escritura etimolóxica destas palabras, por non “desfiguralas” respecto das súas orixes (como adoitaba dicirse), non tardou en ir cedendo ante a puxanza cada vez maior do criterio simplificador de tendencia fonolóxica. O devandito uso dos dígrafos <ch>, <ph> e <th> e das letras <y> e <k> acabou caendo poucas décadas despois de ser formulada aquela toma de posición de 1726, e con palabras como *cathedral*, *cathólico* e *thesoro* non vai máis alá da primeira edición do dicionario académico, por máis que algúns escritores seguisen a utilízalos en tempos moi posteriores, incluso no século XX (cf. CORDE). Neste aspecto, coma noutros, a RAE non cesou de ir soltando lastre etimoloxizante desde a súa primeira proposta de 1726 ata a publicación da súa ortografía de 1815, que está xa moi próxima da actualmente en vigor para o castelán<sup>22</sup> (cf. Lapesa 1981: 421-424).

No galego escrito d'Ó *Apóstol Santiago* vense algúns usos, non sistemáticos, de <ch>, <ph> e <th> que, sen seren determinantes, polo menos semellan máis propios dos inicios do século XIX ca da década de 1870. Escríbese *Iesuchristo* (1.1, 2.2) (ou *Iesucrhisto*, 1.1., 1.2, con transposición de letras talvez debida aos impresores), pero tamén *Cristiandade* (3.1) e constantemente *cristiano(s)* e *cristiana(s)*. Igualmente, escríbense *Cathedral* (2.2) e *Catedral* (3.2), *thesouro* (3.2) e *tesouro* (2.2, 3.1) e, sempre con <t>, *catolicos* (3.2) e *Católicos* (3.2). O gusto por estes dígrafos tamén se pon de manifesto co topónimo oriental *Iapha* (1.2). Dá a impresión de que se trata de usos gráficos propios dun eclesiástico bastante apegado ás vellas prácticas etimoloxizantes e respectuoso coas formas que estaría habituado a ler nos textos a través dos cales se transmitira a tradición xacobeá.

## 5.2. NIVEL FÓNICO

### 5.2.1. Fenómenos de alteración, subtracción e aumento de vogais e semiconsoantes

Cremos que o autor da peza que estamos a analizar se mostra nela pouco inclinado a facer concesións aos modos propios da lingua popular. Así, ao contrario do que adoita acontecer tanto nos textos de principios do século XIX coma nos do Rexurdimento, vemos no galego d'Ó *Apóstol Santiago* unha moi comedida explotación estilística dos fenómenos de alteración, subtracción e aumento de vogais e semiconsoantes. Podemos mencionar unha posible disimilación en *isquerda* (4.1) —quizais inducida polo castelán *izquierda*—, síncope en *dreita* (4.1) e na preposición *pra* —que se emprega sen competencia de *para*—, supresión da semiconsoante palatal coa conseguinte simplificación da coda silábica en *mas* ‘máis’ (3.1: “hasta os réis *mas* grandes”) —aínda que o normal é neste sermón *máis* ou *mais*, así como tamén *demáis* e *ademáis*—, unha prótese en *arroubaban* (4.1) e unha epéntese de iode en *caieu* (3.1). Digno de atención nos parece tamén o xerundio *borbollando* ‘burbullando’ (4.2), con apertura /u/ > /o/ nas posicións pretónicas inicial e interior. Mais erraríamos se afirmásemos que isto é o habitual na peza ou o característico dela, como amosan solucións tales como *disenteria* (3.1), *divino* (3.1), *enteirra* (4.2), *figura* (2.2), *historia* (4.2), *historias* (4.1), *monumento* (2.2), *Santísimo* (1.1),

*Señor* (1.1, 1.2, etc.), *tributo* (4.1, 4.2), *veciños* (2.1), *visita* (1.1), *visitar* (4.1), *xubileo* (3.2) ou *xubiléo* (3.2), que numerosos escritores do século XIX e do XX evitaron en favor de *desentería*, *devino*, *fegura*, *inteira*, *hestórea*, *hestoria*, *menumento*, *santísemo*, *siñor*, *trebutto*, *viciños*, *vesita*, *vesitar*, *xibaleo*, *xibaleu*, etc. (cf. TILG). Digno de especial relevo, por non ser demasiado común entre os escritores decimonónicos, nos parece o respecto con que n'Ó *Apóstol Santiago* se tratou o vocalismo átono dos cultismos.

Este comportamento móvenos a pensar que *Hispanha* (1.1, 1.2, 3.2, 4.2) non é un caso de elevación da vogal átona inicial (*Hespanha* > *Hispanha*), senón unha escolla consciente a prol dunha forma lida nas fontes antigas consultadas para a elaboración do texto, se cadra favorecida por un desexo de respectar o vocalismo propio do étimo latino (HISPANIA).

### 5.2.2. Os ditongos decrecentes /oi/ e /ui/

Os usos destes dous ditongos presentan unha distribución moi nítida neste impreso. As palabras que proceden de étimos latinos que contiñan o grupo ŪLT teñen sempre /ui/, tónico ou átono: *Escuitade* (4.2), *Muito* (1.1), *muíto* (1.1, 1.2, etc.), *muítos* (1.1, 1.2, etc.), *muitiños* (4.1), *muitísimo* (2.2), *muíta* (1.1, 2.1), *muítas* (1.2), *muítas* (3.1, 4.2), *muy* (1.2, 2.1, etc.). Polo contrario, *noite*, que remite a un substantivo latino con ōCT, non coñece máis solución ca /oi/: *noite* (2.1, 4.1, 4.2), *noites* (2.1). Os estudos de dialectoloxía mostran que no galego actual esta combinación de resultados só é propia do centro e sur da provincia de Pontevedra e do galego oriental (cf. Fernández Rei 1990: 48-51), e non temos motivos para supoñer que a distribución diatópica desta variación fose moi diferente durante o século XIX. Por outra parte, non nos parece atinado vincular estas escolllas cun posible apego ás solucións da *Crónica de Santa María de Iria*, fonte talvez manexada para a elaboración d'Ó *Apóstol Santiago*: téñase en conta que neste texto do século XV, onde só se rexistra *noite*, emprégase bastante máis *moito* ca *muíto* (cf. Vasques 2001).

Como P3 do pretérito de indicativo dos verbos *ir* e *ser* utilízase no impreso *fúi* (1.2; 2.1; 2.2, 2 veces; 3.1; 3.2; 4.1), cunha soa excepción que se dá case inmediatamente despois da salutación inicial: *foi* (1.1)<sup>23</sup>. O ALGa 1 (mapa 361) ensínanos que no final do século XX a variante *fui* estaba fundamentalmente acantoadada no occidente coruñés situado entre a beira norte da ría de Muros e Noia e as vilas de Laxe e Santa Comba, mais tamén se utilizaba nalgúns outros puntos illados, entre eles Moraña, no interior setentrional da provincia de Pontevedra, onde se recolleron *foi* e *fui* na fala do mesmo informante. Na *Crónica de Santa María de Iria* só se utilizou a variante *foi* (cf. Vasques 2001).

O ditongo /oi/ comparece tamén na forma verbal *poidesen* (2.1), que alterna con *puderon* (2.1, 4.2). No ALGa 1 (mapas 311, 312, 313, 316) vese que *pud-* é o lexema dominante para o tema de pretérito de *poder* na zona do centro e o norte da provincia de Pontevedra, mais vese igualmente que *poid-* se recolleu tamén por Cotobade e Forcarei, non lonxe da Moraña en que se gravaron tanto *foi* coma *fui*.



Todos estes datos móvennos a pensar que no tocante á variación *oi/ui* talvez o autor do texto reproducise as que xa no seu tempo serían as formas propias da zona pontevedresa en que están enclavados Moraña, Cotobade e Forcarei, ou ben as dalgún lugar próximo a ela ou non moi distante dela, como mesmo podería ser a comarca do Pico Sagro, no sur da actual provincia coruñesa. Dicímolos, iso si, con todas as reservas, pois os datos con que contamos non nos permiten facer unha afirmación categórica.

### 5.2.3. Grupos consonánticos tautosilábicos

Dado que nas súas voces patrimoniais o romance galego transformou de diversas maneiras os grupos consonánticos tautosilábicos formados por consoante oclusiva ou fricativa labiodental seguida de /l/ (FLAMMA > *chama*, GLANDULA > *landra*, OCULU > OC'LU > *ollo*, etc.), os seus falantes acabaron perdendo os hábitos de pronunciación que tales grupos esixían, de tal maneira que xa nas fontes en que se conserva o galego medieval resulta patente a tendencia a substituílos por grupos con [r] nos cultismos, semicultismos e préstamos doutras linguas que os contiñan. Na lingua escrita a variación entre [l] e [r] como segunda consoante destes grupos mantívose moi vivaz ata que na década de 1980 as modernas instancias estandarizadoras instituíron normas que regularon o seu uso. Na lingua oral as variantes que presentan grupos tautosilábicos con [l] coñeceron un grande auxe durante o século XX mercé á rápida expansión que entón experimentou o coñecemento e o uso do castelán en Galicia.

Como xa sinalamos noutra ocasión (Mariño Paz 2003: 85-87), a vocación populista da maioría dos textos en galego elaborados durante os séculos XVII e XVIII e hoxe conservados propiciou neles a práctica de transformar en grupos tautosilábicos con [r] aqueles grupos con [l] que se daban nos cultismos e noutros préstamos lexicais (nomeadamente, castelanismos) que se tomaban. Esa práctica perdurou durante o Prerrexurdimento e tamén durante as décadas seguintes: *afroxar*, *apricar*, *espricar*, etc...

Pois ben, a lingua d'Ó *Apóstol Santiago* arrédase decididamente de tal tendencia, pois non só non rexistramos en todo o texto ningunha das transformacións ou acomodacións a que anteriormente aludimos, senón que incluso atopamos nel variantes con [l] para palabras para as que antigamente predominara a solución con [r]. As formas que se rexistran son *aflixas* (4.2), *blanco* (4.1, 4.2), *clero* (2.1), *esclavos* (4.1), *glorioso* (4.1), *Iglesia* (2.2; 3.1; 3.2, 5 veces), *nobles* (4.1), *obligacions* (3.2), *respetable* (4.2), *sable* (4.1), *siglo* (3.2), *templo* (2.2; 3.1, 5 veces). Desde logo, tampouco se alteraron tales grupos nin no topónimo latino *Iria-Flavia* (2.1), *Iria Flavia* (2.2), nin no rioxano *Clavixo* (4.1), ambos os dous amparados na súa forma polos textos escritos que nos transmitiron a tradición xacobeá.

### 5.2.4. Grupos consonánticos heterosilábicos

Apenas se encontran tampouco indicios de orientación popularizante no relativo ao tratamento destes grupos consonánticos. A norma do seu mantemento, que só tolera unha

excepción n'Ó *Apóstol Santiago*<sup>24</sup>, semella ditada polas regras conservacionistas e relativizadoras que a Real Academia Española viñera preconizando para o castelán desde 1726, cando non por principios de ortografía etimolóxica ou por unha vontade de rescatar certas formas características dos textos antigos, quer escritos en galego, quer en castelán.

Case sempre se manteñen inalterados os grupos cunha consoante oclusiva situada en posición implosiva, tanto se a sílaba seguinte se abre cunha consoante oclusiva coma se se inicia cunha fricativa ou cunha nasal: *absolvidos* (3.2), *Adberramen* (4.1), *ignorada* (2.1), *protector* (4.2), *signado* (2.1), *significado* (2.1). O grupo [ks] non se modifica en posición final de palabra e soamente deixa espazo para a vacilación na interior anteconsonántica: *Felix* (2.1), *Calixto* (3.2), pero *mista* (3.2). Con toda a constancia se exhibe o grupo <bd> secundario en *cibdade* (1.1; 2.2; 3.1, 2 veces), unha voz que, se non se tomou do galego medieval, puido perfectamente inspirarse no *cibdad* (ou *cibdade*, ou *cibdat*) do castelán antigo ou moderno, pois estas variantes aínda aparecen no Dicionario de Autoridades de 1726-1739 e nos posteriores co rótulo de “anticuadas”, e mesmo acontece que *cibdad* chegou ata o dicionario académico de 1992, aínda que só como entrada remisiva para *ciudad*. Ampuloso alarde etimoloxista haino en *cognoscida* (1.2, 2.2), ben que contrapesado no propio texto por *conocer* (2.1).

Consérvanse tamén os grupos <mn> e <nstr>, con consoante nasal en posición posnuclear: *columna* (1.1), *construir* (1.1), *solemne* (2.1). E non só se desatende toda tentación simplificadora tamén neste terreo, senón que incluso se fai outro alarde etimoloxista no caso de *redempcion* (1.1), unha palabra cun grupo gráfico <mpc> que a RAE rexeitara xa no seu proemio ortográfico de 1726:

Donde hai variación es en la concurrencia de las letras M P C, y M P T, que se hallan en las palabras *Assumpción*, *Redempción*, *Exempción*, *Redemptór*, *Assumpto*, *Promptitud*, *Transumpto*: en las cuales y sus semejantes, aunque se hallen assi escritas en Autóres modernos, parece no hai motivo para estar precisamente à sus orígenes: y la razón es, porque sino es haciendo un particular estudio, y poniendo especialissimo cuidado, no se expressan las dos letras M P, y generalmente en lugar de ellas se pronuncia n, diciendo *Assunción*, *Redención*, *Exención*, *Redentór*, *Assunto*, *Prontitud*, etc. por lo qual assi se deben escribir (Real Academia Española 1726-1739: I, LXXIX-LXXX).

O grupo <sc>, con consoante fricativa na posición posnuclear, non só se mantén no cultismo *discípulo* (2.2), *Discípulos* (2.2), *discípulos* (2.2), que ocorre na lenda do “letreiro” atopado no sepulcro de Santiago, senón incluso en *nascimento* (1.2, 2.2), solución que consideramos un arcaísmo gráfico tomado do galego medieval ou do castelán antigo ou moderno<sup>25</sup> e que talvez provocase no século XIX lecturas en que se chegase a articular o grupo consonántico [sθ].

### 5.2.5. Outros fenómenos consonánticos

Está completamente ausente da lingua do prego a metátese de consoante vibrante, un fenómeno moi común na oralidade galega popular de todos os tempos que foi profusamente explotado na lingua escrita decimonónica. Non se dá a metátese nin sequera en *pobriño* (3.1), cando sabemos que xa o Padre Sarmiento dera a entender a mediados do século XVIII que no seu tempo a variante *probe* estaba xeneralizada (cf. Sarmiento 1970: 360, 440).

Non hai representación explícita do seseo prenuclear, ao paso que do posnuclear só se rexistra unha mostra, a de *pas* (1.1). Mais fronte a ela sitúanse *cruz* (4.1), *dez* (3.1), *lux* (1.2, 2.2), *paz* (3.1), *Pelaez* (3.1) e *vez* (4.2).

Non hai tampouco marcaxe explícita para a gheada.

Finalmente, os castellanismos *privilegios* (3.2) e *privilegiada* (1.2) son dous testemuños de como a consoante fricativa velar xorda se ía abrindo paso no inventario fonolóxico do galego a través deste tipo de préstamos tomados da lingua dominante. Este fenómeno está sobradamente documentado en galego polo menos desde as fontes do século XVIII (cf. Mariño Paz 2003: 71-75).

## 5.3. NIVEIS MORFOLÓXICO E SINTÁCTICO

### 5.3.1. Representación do alomorfo lo(s) / la(s) do artigo determinado

Coma en moitos dos textos galegos antigos e modernos anteriores á década de 1980, n'Ó *Apóstol Santiago* este alomorfo só se marca tras a preposición *por*. Con todo, no que ten que ver con este particular a lingua deste impreso distínguese polo feito de que esa marcaxe despois de *por* non se fai de maneira sistemática, senón alternando coa súa ausencia. A representación practícase desde o principio da peza, pero non vai máis alá da segunda columna da terceira páxina: *pô lo* (1.2, 2.2), *pô la* (2.1, 3.2), *pô los* (3.1), *pô las* (2.1); a súa omisión só se dá a partir da segunda columna da segunda páxina, pero de alí en diante non desaparece ata ao final: *por o* (2.2, 4.1, 4.2), *por os* (4.1), *por as* (3.2). Hai, por tanto, unha zona de confluencia das dúas prácticas escriturarias en que a representación e a súa omisión incluso poden aparecer consecutivamente: “é mais cognoscida *por o* nome de SANTIAGO *pô lo* gran tesouro que, á Deus gracias, conserva nã Santa Iglesia Cathedral” (2.2).

Na oralidade moderna, a omisión do alomorfo *lo* despois de palabras rematadas en /r/ (mesmo tras *por*) é característica das falas dunha pequena zona do centro e o suroeste da provincia de Ourense, dentro da cal se insire unha zona máis pequena en que o dito alomorfo tampouco comparece despois de palabras terminadas en /s/ (cf. Álvarez 1983: 176; Fernández Rei 1990: 68). Mais cremos que o rexistro deste fenómeno n'Ó *Apóstol Santiago* non ten por que deberse forzosamente á adopción deste trazo da lingua oral do devandito territorio ourensán por parte do autor, pois poderíase entender como unha consecuencia da importancia que na lingua escrita adquire o espírito ana-

lítico, que leva a delimitar cuidadosamente cada unha das palabras que forman parte do discurso e non poucas veces a evitar certos trazos que na oralidade se producen de maneira automatizada. Así mesmo, na idea de que non se debe considerar este trazo da lingua da obra como tomado da oralidade popular ourensá abunda o feito de que no texto se evitase o pronome lucu-auriense *il(es)* e que no canto del se utilizase o común *el(es)*.

De feito, no prego o normal é que o alomorfo *lo* do artigo non se represente, como pode comprobarse na seguinte enumeración de exemplos clasificados por contextos sintácticos:

- a. Como determinante dun sintagma que desempeña as funcións de complemento directo ou de atributo despois dunha forma verbal terminada en /t/ ou en /s/: *saber o significado* (2.1), *xa veredes ó que se descubréu* (2.2), *venerar o santo Corpo do Apóstol* (2.2), *visitar o Sepulcro* (3.1), *facer o mesmo* (3.1), *e tócalle ser os tres últimos os anos 1880, 86, e 97* (3.2), *visitar o sepulcro glorioso* (4.1), *dar o infame tributo* (4.1), *buscar a sua media luna* (4.2), *Contar as moitas mais veces* (4.2).
- b. Como determinante dunha frase nominal que desempeña as funcións de suxeito ou de complemento directo despois dunha forma verbal incrementada por un clítico terminado en /s/: *E d'ista calamidade librounos o noso Santo Apóstol* (4.1), *dán-dolles a alegre noticia* (3.1).
- c. Como determinante dunha frase nominal encabezada polo cuantificador *todos/as*: *todas as noites* (2.1), *todos os Bispos* (2.2-3.1), *Todos os anos* (3.2), *todos os días* (3.2, 2 veces), *todos os cristianos* (3.2, 4.2), *todos os pecados* (3.2), *todas as castas* (4.2).
- d. Noutros contextos: *pois a cousa seguía* (2.1), *mandou cortar a rentes os espiños* (2.1-2.2), *menos o da herexia mista* (3.2), *entonces o galopin* (4.1).

### 5.3.2. Contracción da preposición a co artigo masculino o(s)

Agás nunha ocasión, esta contracción non se marca na lingua do impreso, onde mesmo se adoita separar mediante un espazo en branco a preposición e mais o artigo, conferíndolle así unha neta delimitación visual a cada un dos dous elementos: *á o* (1.2; 1.2-2.1; 2.1, 2 veces; 3.2, 2 veces; 4.1; 4.2, 3 veces), *a o* (3.2), *á os* (2.2; 4.1, 3 veces; 4.2, 2 veces), *a os* (3.1). Curiosamente, a excepción a que antes aludimos encóntrase nunha oración en que tamén se detecta outro trazo lingüístico que se aparta dos usos dominantes na peza. Referímonos ao emprego do clítico *lle* con valor de número plural: “Así é que n’este siglo tócalle haber trece anos santos, e tócalle ser os tres últimos os anos 1880, 86, e 97” (3.2).

Coidamos que a preferencia por *á o* no canto de *o* se debe relacionar con outros tratamentos analíticos dispensados aos encontros de certas preposicións con artigos e

demonstrativos. Nun contexto en que predominan os usos contractos coas preposicións *de* (*do, d'un'a, d'este, d'ista...*), *en* (*no, nâ, nûn, nâquel...*) e *con* (*cô, co, côs*), asoman de cando en vez algunhas excepcións con *de* ou *con*, mais nunca con *en*: *de uns* (2.1), *de esta* (3.2), *con un'a* (1.1, 1.2); en *co a* (3.1) a preposición perdeu a súa consoante final, mais optouse por unha representación gráfica separada de preposición e artigo. Hai análise tamén en *pra o* (1.2, 2 veces; 4.2) e mesmo no excepcional *á as* (2.1: “atendía tamén á as necesidades espirituales de uns catrocentos cristianos”), que vén a contrapoñerse á representación contracta *á* ou *a*, que é preferida neste texto.

### 5.3.3. Formas e usos dos pronomes persoais

Coma na gran maioría dos textos galegos modernos, son *el* e *eles*, e non as lucu-auriennes *il* e *iles*, as formas utilizadas n'Ó *Apóstol Santiago* como terceiras persoas masculinas do singular e do plural do pronome persoal suxeito ou termo de preposición ou de conxunción: *él* (1.1, 3.1), *nêl* (2.2), *d' eles* (4.1).

Achamos nunha ocasión a confluencia dos clíticos *nos* e *la* en posición proclítica: “O primeiro que *nos la* dóu fúi o Padre Santo Calixto II” (3.2). Esta representación sen marcase da asimilación consonántica (*nola*) está en harmonía con outros casos en que tamén preponderou sobre a fusión o coidado por delimitar e autonomizar cada unha das unidades lingüísticas que se encontran no eixe sintagmático (omisión case absoluta do alomorfo *lo* do artigo, *á o* no canto de *o*, etc.). En troques, nos casos de énclice a asimilación represéntase sen excepcións: *poñela* (1.1), *degollâlo* (1.2), *témola* (3.2), *visitála* (3.2).

Non se debe pasar por alto unha corrección que o autor d'Ó *Apóstol Santiago* introduciu na transcripción da lenda que contiña o letreiro que se atopou no interior do sepulcro do Apóstolo. Alí onde no relato que transmite Huerta y Vega se le “è San Cicilio Discipulo dó Apostolo *le* fez”, o impreso decimonónico reza “e S. Cecilio discipulo do Apóstol *lo* fez” (2.2). Vemos, xa que logo, que, con patente intención depuradora, o leísmo de cousa que contiña a fonte do século XVII que Huerta y Vega copiou foi desterrado do sermón do XIX. Aquel *le* era con certeza un castellanismo só imputable á impericia de quen elaborara aquela falsificación durante a primeira metade do seiscentos<sup>26</sup>, e era ademais un castellanismo tan inaudito, tan rechamante, que de ningunha maneira lle puido pasar desapercibido a quen moitos anos despois compuxo Ó *Apóstol Santiago*.

Salvo nunha ocasión, practícase no texto unha distinción formal de número entre *lle* singular e *lles* plural que na dialectoloxía actual se presenta como propia do cuadrante galego nororiental, aínda que tamén se coñece en non poucos lugares situados ao oeste e ao sur desta área (cf. ALGa 2, mapa 182). O maioritario seguimento desta norma apréciase no exemplario reunido na táboa 1.

Lle	Lles
<p>e dóulle un'a imaxen súa con un'a columna, pra poñela nûn altar da capela, que alí lle mandóu construír (1.1; ao Apóstolo)</p> <p>Así é que n'este siglo tócalle haber trece anos santos (3.2)</p> <p>Por mal dos pecados perderon os cristianos un día grande batalla, e o rey mouro púxolles condicion afrentosa de darlle cada ano cen doncellas cristianas das mais nobles bonitas é guapas (4.1)</p> <p>En seguida veu en soño un Señor muy respetable que lle dixo (4.2; a Ranimiro)</p> <p>Tan solamente por o que dixen, ben vedes canto amor e devocion lle debemos ter; e pedirlle sempre que nos libre de mouros de todas as castas (4.2; ao Apóstolo)</p>	<p>E a Santidá de Leon Papa III escribú á todos os Bispos da Cristiandade cartas, dándolles a alegre noticia do descubrimento de tan rico tesouro (2.2-3.1)</p> <p>Os mouros eran muy usureiros e deshonestos: non lles bastaba roubar (4.1)</p> <p>Por mal dos pecados perderon os cristianos un día grande batalla, e o rey mouro púxolles condicion afrentosa de darlle cada ano cen doncellas cristianas das mais nobles bonitas é guapas (4.1)</p>

Táboa 1. Usos distintivos de *lle* e *lles* n'Ó Apóstol Santiago.

Uso de *lle* con referente plural, talvez inducido polo evidente paralelismo sintáctico da construción, rexistrámolo na seguinte oración composta por coordinación: “Así é que n'este siglo tócalle haber trece anos santos, e tócalle ser os tres últimos os anos 1880, 86, e 97” (3.2). Como xa observamos anteriormente, hai razóns relativas á composición e á publicación do texto que nos movern a sospeitar que a oración “e tócalle ser os tres últimos os anos 1880, 86, e 97” puido ser engadida cando o manuscrito inédito de 1801 se publicou na imprenta de *El Diario de Santiago* entre 1876 e 1878. Que nesta oración coordinada se descubran dous trazos lingüísticos discrepantes co que é a norma do texto (o no canto de *á o* e *lle* en lugar de *lles*) constitúe un argumento lingüístico de peso en favor desta nosa sospeita.

### 5.3.4. Paradigma dos demostrativos

O conxunto das formas demostrativas utilizadas n'Ó *Apóstol Santiago* recóllese na táboa 2. Trátase, do punto de vista dialectal<sup>27</sup>, dun paradigma mixto no que conviven formas con <e> tónico no masculino e no feminino —maioritarias no galego moderno—, formas lucu-aurienses con <i> tónico no masculino, formas invariables con <i> tónico (propias do centro e sur da provincia de Pontevedra e do extremo nororiental da da Coruña) e, finalmente, formas femininas con <i> tónico que no moderno galego oral son moi minoritarias. Podemos afirmar, daquela, que no tocante ao sistema de demostrativos encontramos neste prego un modelo interdialectal en que o inconstante uso das variantes con <i> incluso no xénero feminino probablemente obedece a un impulso favorecedor das solucións inequivocamente galegas e distintas das do castelán.

	Masc. Sing.	Fem. Sing.	Masc. Pl.	Fem. Pl.	Invariable
I	este, iste	esta, ista	istes		isto
II					
III	aquel	aquela			

Táboa 2. Demonstrativos utilizados n'Ó *Apóstol Santiago*.

Creemos que non se pode adscribir cada unha das distintas formas rexistradas a diferentes partes do texto. Os demostrativos masculinos de proximidade con <i> tónico empréganse desde a segunda columna da segunda páxina, pero sucede o mesmo coas variantes con <e>, que son as que se usan como termo de preposición: *Iste* (2.2, 4.2), *istes* (4.1), *d'este* (2.2, no “letreyro”), *n'este* (3.2). Tampouco se poden sinalar zonas reservadas a cada un dos dous tipos de formas femininas de proximidade: *esta* (2.2; 3.2, 2 veces), *ésta* (3.2), *n'esta* (3.2), *d'esta* (4.2), *Ista* (3.2, 2 veces), *d'ista* (4.1). Mesmo se dá o caso de que *esta* e *ista* se len consecutivamente en 3.2:

Hay que saber que no ano 1095 á Santidá de Urbano 2.º dou Bula, pra que a sede Bispal que estaba en Iria se trasladase á Compostela, como así o fixo o Sr. Bispo D. Dalmacio que pedira a o Papa *esta* gracia.

*Ista* S. Iglesia de Compostela é o terceiro Santuario dos catolicos.

En principio, poderíase aventurar que o parágrafo que comeza dicindo “*Ista* S. Iglesia” e talvez tamén os seguintes fosen escritos por unha man distinta da que redactou a parte anterior, unha man que sería máis proclive ao emprego dos demostrativos con <i> tónico. Mais preferimos deixar de lado esta hipótese ao comprobarmos que no treito da columna 3.2 posterior a “*esta* gracia” alternan unha ocorrencia de *este*, tres de *esta* e dúas de *ista* e que na cuarta páxina do prego hai unha ocorrencia de *esta*, unha de *iste*, unha de *istes* e unha de *ista*. Ao noso parecer, estes datos non resultan concluíntes.

Creemos, pois, que non hai neste texto selección de variantes no paradigma dos demostrativos, senón uso alternante delas, quizais motivado por un desexo de facer ostentación do que debía de concibirse como manifestación de variedade e riqueza.

### 5.3.5. O substantivo e o adxectivo

#### 5.3.5.1. Flexións nominais resultantes da desnasalización vocálica e terminacións non nominais asimiladas a estas

Podemos afirmar que as flexións deste tipo que se utilizan n'Ó *Apóstol Santiago* son as occidentais, cunha matización necesaria para o caso do adxectivo *bon*.

Polo que ten que ver coa variación *-ao / -an* (<-ANU), *-a / -an* (<-ANA), as formas rexistradas son o substantivo *man* (4.1) e o adverbio *mañan* (4.2). Coidamos que *Hirmao* (2.2) non constitúe unha excepción porque se trata dunha palabra inserida na lenda do letreiro descuberto no sartego do apóstolo e, xa que logo, copiada tal cal da fonte escrita utilizada, en última instancia o relato de Huerta y Vega. *Hirmao*, por conseguinte, non foi unha voz producida *ex novo* polo autor do texto.

Os plurais dos monosílabos e dos polisílabos agudos terminados en consoante nasal no singular son sen excepcións os occidentais: *bons* (2.2, 4.1), *conversions* (1.2), *leons* (4.1), *obligacions* (3.2), *persecucions* (2.1), *uns* (2.1, 4.1, 4.2). O grupo <-ns> aparece tamén en *Fins* (< lat. FELICE) (2.1, 2 veces), onde a nasalidade carece de antecedente etimolóxico.

No caso da variación entre *bo* e *bon* sucede que a variante con consoante nasal posnuclear ten unha distribución central e oriental, ao paso que a que non a ten é a variante occidental (cf. ALGa 2, mapa 28). Ora ben, debemos precisar que *bon* se usa nas falas dunha non desdeñable faixa coruñesa oriental que polo norte chega mesmo ata o concello da Laracha e polo sur só ata o de Santiso; dentro da provincia de Pontevedra o ALGa tamén rexistra *bon* no concello de Agolada, no recanto nororiental. En todo caso, cremos que só nas terras coruñesas en que está enclavado o devandito concello da Laracha, ou nas comarcas próximas a elas, se pode dar na lingua oral popular de hoxe a confluencia de solucións como *man*, *mañán*, *leóns*, *uns* e *bon(s)*, todas elas presentes n'Ó *Apóstol Santiago*. Mais isto, obviamente, non nos autoriza a concluír que o autor desta peza procedía desa zona coruñesa, nin tampouco a afirmar que nela reproduciu de propósito algúns trazos da fala popular daquelas terras.

Por razóns evidentes, os castellanismos lexicais *ayuno* (2.1), *cristianos* (2.1, 3.1, etc.), *cristianas* (3.2, 4.1) e *sanos* (2.1) non nos achegan ningunha información de interese para o que nesta sección do artigo estudamos.

#### 5.3.5.2. Plural dos nomes terminados en consoante lateral no singular

Canto aos polisílabos agudos, alternan no texto plurais con perda e con mantemento da consoante lateral situada en posición intervocálica: *papéis* (2.1), *espirituales* (2.2), *princi-*



*pales* (2.2). É esta, como se sabe, unha situación nada estraña entre os textos do Prerrexurdimento, entre os textos de todo o século XIX e aínda entre os textos do longuísimoo ciclo histórico que se estende desde o solpor medieval ata a segunda metade do século XX. A secular variación entre os diferentes tipos de plurais posibles para estas palabras non deixou de aflorar en moitos textos medievais e posmedievais.

Comentario particularizado demanda o caso de *papéis* (2.1), sobre o que xa chamamos a atención anteriormente. O contexto en que se insire (“anque o nome lexítimo é *S. Fins de Lovio*, segun os papéis mais bellos”) suxire que o autor d’*Ó Apóstol Santiago* era lector de obras antigas, entre as que de seguro habería algunhas escritas en galego. Ora ben, no galego medieval é infrecuente e tardío o catalanismo *papel* e moi raros os plurais deste tipo con marcaxe explícita de ditongo decrecente en lugar de hiato, pois a regra constituíana as terminacións en *-aes*, *-ees*, etc.; parécenos moi improbable, por tanto, que quen escribiu esta peza tomase *papéis* do galego medieval. Polo contrario, sabemos que no galego escrito de principios do XIX abundan as documentacións de plurais de *papel* con perda da consoante lateral: abundan sobre todo as de *papés*, mais tamén se rexistra unha de *papeis* que, por encontrarse nas *Proezas de Galicia* (1810) de José Fernández Neira, móvenos a pensar que debeu de ser tirada das falas populares da Galicia oriental (cf. Mariño Paz 2003: 168). Por conseguinte, parécenos plausible que Pepe Hermitaño tomase *papéis* do galego popular do seu tempo, e, no caso de que o parágrafo en que a voz se insire fose interpolado entre 1876 e 1878<sup>28</sup>, poderíase afirmar o mesmo do seu responsable.

Para o monosílabo *tal* o plural é sempre *tales* (2.1, 4.1), e non os *tás* ou *tâs* que aínda se len nalgúns fontes da época pregaleguista.

### 5.3.5.3. Sufixos e terminacións *-ade(s)/-á(s)*, *-ede(s)/-é(s)* e *-ude(s)/-ú(s)*

No singular alternan no texto as variantes plena e reducida desta variable, ben documentada na nosa lingua desde o final da Idade Media. As plenas témolas para catro palabras distintas e nun total de oito ocorrencias: *calamidade* (3.2), *cibdade* (1.1; 2.2; 3.1, 2 veces), *Cristiandade* (3.1), *salude* (1.1), *Salude* (4.2)<sup>29</sup>. As truncadas, pola súa parte, danse con catro substantivos diferentes que aparecen ata en cinco ocasións, e sempre nun contexto fonético en que entra en acción o fenómeno da haploloxía:

1. Ista gran regalía témola pô la *bondá da Santa Iglesia* (3.2).
2. Pra entender algo da *grandiosidá de esta regalía* (3.2).
3. E a *Santidá de Leon* Papa III escribêu á todos os Bispos da *Cristiandade* cartas (2.2-3.1).
4. Hay que saber que no ano 1095 á *Santidá de Urbano* 2.<sup>o</sup> dou Bula, pra que a sede Bispal que estaba en Iria se trasladase á Compostela (3.2).
5. Está muy probada á *verdá d’ esta historia* (4.2).

Nestes cinco contextos, o emprego das variantes plenas esixiría o uso consecutivo de dúas sílabas *de* e de tres sílabas iniciadas por un fonema consonántico oclusivo, dental e

sonoro (casos 2, 3, 4 e 5), ou ben o dunha secuencia *da-de-da*, con tres sílabas con /d/ na marxe prenuclear (caso 1). É evidente que nestes contextos se dan condicións óptimas para que se produzan fenómenos disimilatorios que eliminen o elo máis débil da cadea, que non é outro ca a sílaba postónica *de* de cada substantivo afectado: non poderían suprimirse nin a sílaba tónica do substantivo, por razóns obvias, nin a preposición ou contracción subseguintes, salvagardadas como están pola importancia das funcións sintácticas e semánticas que desempeñan. A importancia que adquire a haplloxía na xeración das variantes reducidas respandece no exemplo número 3, onde se observa que case inmediatamente despois de *Santidá* ocorre o substantivo *Cristiandade* nun contexto en que non vai seguido da preposición *de*. Ao noso modo de ver, para explicar a aparición e a difusión da variación *-dade/-dá* cómpre ter moi presente a entrada en xogo da haplloxía en contextos como os que acabamos de presentar, nos que se insiren con frecuencia os substantivos que conteñen os sufixos ou terminacións que analizamos nesta alínea.

No plural só se utilizaron formas plenas: *necesidades* (2.1, 3.2), *paredes* (3.1).

Así, pois, as manifestacións desta variable na lingua d'Ó Apóstol Santiago son equiparables ás que se detectan na xeneralidade das fontes escritas dos séculos XVIII e XIX.

#### 5.3.5.4. Outros sufixos e terminacións

Hai unha absoluta preferencia polas variantes cultas no caso dos sufixos e terminacións en que desde a Idade Media viñera habendo variación entre as solucións patrimoniais (con absorción de iode) e as cultas (co seu mantemento). Observamos relatinizacións, certamente apoiadas polo modelo do castelán como forza coaduvante, para substantivos e topónimos en que antigamente prevalecera a forma patrimonial: *desgracia* (3.1), *Galicia* (2.2, 2 veces; 4.1), *gracia* (3.2), *gracias* (2.2, 4.1), *penitencia* (3.1, 3.2). Sobre os cultismos non se efectúa en ningún caso unha intervención purista que busque darlles feitura patrimonial aos seus sufixos ou terminacións: *asistencia* (3.1), *Dalmacio* (3.2), *decencia* (2.1), *noticia* (2.2, 3.1).

Canto á variación entre *-ción* e *-zón*, ou entre *-sión* e *-són*, a preferencia polas variantes cultas tampouco admite excepcións. Dáse, desde logo, nos substantivos de entrada tardía ou sen tradición no idioma, como *conversion* (1.2), *consecracion* (3.1), *peregrinacion* (3.1, 4.1) e *redempcion* (1.1). Pero dáse, tamén, con substantivos que na Idade Media ou nos séculos seguintes se empregaran só ou preferentemente coa terminación *-ón*, como *condicion* (4.1), *devocion* (3.1, 4.1), *intencion* (3.2), *obligacions* (3.2), *oracion* (2.1), *persecucion* (2.1), *persecuciones* (2.1) e *posesion* (1.1).

O sufixo procedente do latino *-BILIS* é *-ble* (*respectable*, 4.2), habitual nas fontes dos Séculos Escuros e do século XIX xunto con *-bre*. Por conseguinte, tampouco neste caso se procurou nin no galego antigo nin no portugués unha solución que puidese poñer distancia entre a solución galega e a solución castelá.

### 5.3.6. O verbo

#### 5.3.6.1. Morfoloxía verbal

##### 5.3.6.1.1. Morfoloxía verbal regular

Adscribíense ao modelo da terceira conxugación os verbos inmersos no secular proceso de migración da segunda á terceira que afunde as súas raíces no galego medieval. Non hai rastro de *decer*, frecuente nas fontes do Prerrexurdimento e en xeral do século XIX, nin tampouco de *dicir*, senón unicamente formas de *decir*: *decir* (1.1, 4.1), *decía* (2.2), *decíase* (2.2), *Decide* (4.1). Non se usa *escreber*, resultado de notable permanencia nos textos do século XVI ao século XIX, senón *escribir*: *escribéo* (2.2). E ao modelo da terceira conxugación responden tamén *convertindo* (1.1), *discurrindo* (4.2) e *rendírono* (4.2). Sobre *caíeu* (3.1), en troques, non podemos pronunciarnos porque nolo impide a neutralización en /*e*/ que na lingua do impreso se dá para a expresión da vogal temática da P3 dos pretéritos de indicativo da segunda e da terceira conxugación.

En efecto, <*e*> é o que vemos para esta particularidade morfolóxica en ambas as clases de verbos: *debéo* (1.2), *merecéu* (1.1) e *protexéo* (4.2), por unha parte, e *descubréo* (2.2), *escribéo* (2.2) e *fixéo* (3.1, 2 veces), pola outra. Para *ver*, en coherencia, optouse por *véo* ‘viu’ (2.1). Dialectalmente, esta neutralización é propia dunha faixa que cruza o territorio galego como unha diagonal orientada do leste para o oeste e que abrangue o noroeste de Lugo, o leste e o sur da Coruña, case todo o norte e o centro de Pontevedra e un recanto noroccidental de Ourense (cf. Fernández Rei 1990: 83-84). É, xa que logo, unha solución característica das terras de Santiago de Compostela.

Canto á expresión da vogal temática da P3 do presente de indicativo, contrastan os casos de *quer* (1.1) e *vale* (3.2). As solucións apocopadas *quer* e *val* son aínda moi frecuentes no século XIX, mais non por iso resultan raras as que repoñen ou manteñen a vogal temática. Debemos separar desta consideración o rexistro de *iax* (2.2), pois forma parte da mensaxe contida no letreiro atopado no sepulcro do apóstolo, mensaxe en que, como se sabe, se arremedou o galego antigo.

Como sufixo número-persoal da P5 nos tempos distintos do pretérito de indicativo achamos *-de* no imperativo e *-des* no presente e no futuro de indicativo: *atacade* (4.2), *Escuitade* (4.2), *Decide* (4.1); *chorades* (3.2), *sabédes* (4.1), *sabedes* (4.1), *vedes* (4.2), *verédes* (2.1), *veredes* (2.2), *Veredes* (4.1). Non se utiliza ningún imperativo con sufixo cero (*atacá*) nin outras formas con *-s* (*atacás*), que tiveron moito éxito nas fontes dos Séculos Escuros e do XIX, nomeadamente entre as pezas de ambientación compostelá (cf. Mariño Paz 2003: 214-220).

Salvo nun caso, o sufixo número-persoal da P3 dos pretéritos de indicativo é *-u*: *predicóu* (1.1), *debéo* (1.2), *descubréo* (2.2), etc. A excepción, *véo* (2.2), ten doada explicación por se encontrar inserida na lenda do letreiro do sepulcro; con todo, vai precedida de *veu* (2.2) dúas liñas antes. Por tanto, podemos dicir que a variante propia da lingua d’Ó Apóstol Santiago é *-u* e que *-o* só aparece no seo da transcripción dunha fonte antiga.

En conxunto, apreciamos un moi baixo índice de variación interna en todo o relativo á morfoloxía verbal regular.

### 5.3.6.1.2. Morfoloxía verbal irregular

Como irregularidades que afectan a vogal temática salientaremos os casos de *oyo* (1.1), cun grafema <y> que debe de representar a semiconsoante palatal [j], e *cái* ‘cae’ (3.2), unha variante que debeu de gozar de bastante popularidade no século XIX, pois, segundo Saco Arce (1868: 102), o galego “repugna[ba]” os hiatos /<sup>l</sup>ae/ e /<sup>l</sup>oe/ en posición final de palabra (*trae*, *moe*) e tendía a convertelos en ditongos decrecentes (*trai*, *moi*).

A seguir pasaremos revista ás particularidades da conxugación dalgúns verbos irregulares que máis poden contribuír a caracterizar a lingua deste prego de cordel.

Do punto de vista da variación dialectal, observamos a concorrencia de distintas variantes que, globalmente consideradas, semellan apuntar como zona de procedencia cara ao cuadrante galego noroccidental, onde *grosso modo* está enclavada a cidade de Santiago de Compostela. *Poñer* (*poñela*, 1.1) é, fronte ao meridional *pór*, unha solución norteña (cf. ALGa 1, mapa 333) que por extensas zonas do noroeste coincide co lexema *pud-* de *poder* (*puderon*, 2.1, 4.2) en posible alternancia con *poid-* (*poidesen*, 2.1) (cf. ALGa 1, mapas 311, 312, 313, 316) e tamén con *dou* no canto de *deu* para a P3 do pretérito de indicativo de *dar*: *dou* (3.2), *dóu* (3.2), *dóulle* (1.1), *douse* (3.1), *Dóuse* (3.1). Pola súa parte, *fúu* (1.2; 2.1; 2.2, 2 veces; 3.1; 3.2; 4.1), P3 do pretérito de indicativo de *ir* e de *ser*<sup>30</sup>, emprégase sobre todo no occidente coruñés situado entre a beira norte da ría de Muros e Noia e as vilas de Laxe e Santa Comba, mais tamén nalgúns outros puntos illados situados fóra desa área, da que non está moi distante Compostela.

Coma *dices* e *dice*, *dicen* (4.1) é unha forma que, continuadora directa da medieval *dizen*, mantén unha importante presenza nas fontes dos Séculos Escuros e do Prerrexurdimento. Non é este, desde logo, o caso de *fez* (2.2), que n’Ó *Apóstol Santiago* se utiliza como un arcaísmo consciente integrado na lenda do xa tantas veces citado “letreyro” do sepulcro apostólico; fóra deste fragmento o que se le é sempre o moderno *fixo* (1.1; 3.1, 2 veces; 3.2; 4.1; 4.2).

*Séa* (1.2), *sea* (2.2) e *iba* (3.1, 2 veces) son solucións de discutible catalogación como castelanismos que contan con numerosos rexistros no galego escrito do século XIX. Présntamos “de luxo” tomados da lingua dominante son con certeza *hubo* (4.2), *supo* (3.1), *tuvo* (1.2) e *tuveron* (4.1), para os que non escasea a documentación posmedieval.

### 5.3.6.2. A perífrase verbal *ir* (a) + infinitivo

Como non raramente sucede no galego escrito do século XIX (cf. Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei 2005: 517-519), esta perífrase úsase n’Ó *Apóstol Santiago* sempre coa preposición *a* como elemento de relación:

- O mais valioso é o que *vou á contar* (3.2).
- *Vou á decir* un d'eles (4.1).
- Os demais *foron á buscar* a súa media luna o máis lexos que puderon á uña de cabalo (4.2).

### 5.3.7. Adverbios e frases adverbiais

Só se empregan no texto adverbios de lugar absolutos pertencentes á serie terminada en *-í*. Cando non van precedidos de preposición, todos presentan un valor semántico situacional e efectúan unha localización precisa:

- *Aquí* iaz Iacobo fillo do Zebedeo e de Salomé (2.2; no letreiro do sepulcro).
- Pra poñela nûn altar da capela, que *alí* lle mandou construír (1.1).
- E *alí* o depositaron con muita decencia (2.1).
- E mandou facer *alí* mesmo un templo muito bon (2.2).
- Rezando ou orando *alí* conforme á intencion dos Papas (3.2).

Da lingua popular procede, con certeza, o uso da forma plena *muito*, no canto da reducida *muy*, ante o adxectivo *bon*: “un templo *muito bon*” (2.2). En troques, con outros adxectivos a que se utiliza é a variante reducida: “*muy valente*” (1.2), “*muy espeso*” (2.1), “*muy bonita*” (2.1), “*muy penitente*” (2.1), etc. O emprego fixado dos sintagmas *moito bo* e *moito ben*, alternando coa utilización obrigada de *moi* anteposto noutros contextos, é na actualidade moi minoritario, mais está recollido no ALGa 2 (mapa 139) e noutros traballos (cf. Freixeiro Mato 2000: 498, nota 105; Álvarez / Xove 2002: 623).

Como modificador non dun verbo, nin dun adxectivo, nin doutro adverbio, senón dunha frase nominal emprégase *ben* na seguinte secuencia:

- Era *muy valente* e nada medoso: era *bén* FILLO DO TRONO (1.2).

Trátase dun uso do que en 1868 deixou constancia Saco Arce, en cuxa gramática lemos un exemplo con *ben* adverbio de cantidade que nos parece paragonable co que recolleemos n'Ó *Apóstol Santiago* e que sen dúbida en ambos os casos está tomado da lingua oral popular: “*Xa é ben hora de comer*, ya es hora de comer” (1868: 196).

Pola reiteración con que se utiliza, resulta moi peculiar da lingua deste prego de cordel a frase adverbial *de duro* ‘duramente’:

- Mandou cortar a rentes os espiños, carballos, e demais árbores, e *de duro* cavar nã terra aquela (2.1-2.2).
- E atacaron *de duro* á os mouros (4.1).
- Mañan atacade á os mouros *de duro* (4.2).

### 5.3.8. Uso da preposición *a* co complemento directo

O uso da preposición *a* co complemento directo amósase consolidado cando esta función sintáctica está desempeñada por unha frase nominal que ten como núcleo un nome

común con referente humano<sup>31</sup>. A gramaticalización que esta estrutura alcanza na lingua do texto resulta evidente, dado que sempre se dá co complemento directo posposto ao verbo (é dicir, en posición non marcada), sen posposición do suxeito, e, en xeral, sen ningunha necesidade de marcar claramente o complemento directo como *non-suxeito* por non concorreren condicións sintácticas que produzan risco de confusión. Obsérvese, por exemplo, como só no primeiro dos seguintes cinco casos hai coincidencia de número e persoa entre o núcleo do complemento directo e o núcleo do predicado:

- Mais no segundo día baixaron do monte [os cristiáns], ¡parecían leons! e atacaron de duro *á os mouros* (4.1).
- E isto animóu máis *á os cristianos*, e acabóu d'aterrar *á os mouros* (4.1).
- Os demais foron á buscar a súa media luna o máis lexos que puderon á uña de cabalo, sin atreverse á mirar pra o aire, por non ver outra vez *á o guerreiro do caballo blanco* (4.2).
- O señor rey D. Ranimiro quedóu muy cabiloso, e muy angustioso, e cheísimo de pena, e discurrindo como podería vencer *á os mouros* (4.2).
- Mañan atacade *á os mouros* de duro (4.2).

Cremos que a xeneralización que esta estrutura atinxe neste impreso se debe explicar pola influencia que a este respecto exercería sobre o seu autor o castelán da época. De feito, no galego actual, por máis que estea bastante divulgada na lingua oral e en diversos estilos de lingua escrita, tal estrutura dista aínda de alcanzar o grao de gramaticalización que presenta n'Ó *Apóstol Santiago*, un texto que neste aspecto se aparta do que semella ser a tendencia maioritaria no galego escrito do século XIX e se sitúa en liña co que se observa, en troques, na obra de Antonio López Ferreiro ou de Marcial Valladares (cf. López Martínez 1993: 145-152).

### 5.3.9. Construcións sintácticas incorrectas

Debida a unha redacción apresurada non corrixida por unha posterior revisión atenta nos parece a seguinte estrutura, en que vemos unha oración de xerundio (*sendo á sua privilegiada*) con suxeito distinto do que ten o verbo da oración de que depende e que tanto pode estar a expresar unha causa ('a nai de Deus quixo tomar posesión da Hispania na súa vida mortal, porque esta terra era a súa privilexiada') coma unha consecuencia ('a nai de Deus quixo tomar posesión da Hispania na súa vida mortal, e por iso esta terra se converteu na súa privilexiada'):

Isto, meus amigos, quer decir, que á Madre de Deus quixo tomar posesion xa nâ sua vida mortal da terra d'Hispanha, sendo á sua privilegiada e pô lo que fúi sempre cognoscida por *Patrimonio de Maria Santísima*, que bendita sempre séa (1.1-1.2).

A interpretación de *sendo á sua privilegiada* como unha oración que expresa unha consecuencia vese reforzada pola súa desafortunada coordinación con outra oración que

ten inequivocamente ese valor (*e pô lo que fúí sempre cognoscida por Patrimonio de Maria Santísima*).

Na seguinte construción falla a necesaria concordancia entre o clítico masculino posposto ao infinitivo *dar* e o seu referente *cousa*, que é feminino: “E por isto chegou á quedar ignorada por muito tempo *cousa* de tanto valer, hasta que Deus quixo dâlo á conocer” (2.1).

Falta a preposición *en* precedendo a *que* en “Todos os anos que é Domingo o dia 25 de xulio” (3.2) e mais en “e en Compostela é, como vai dito, todos os dias do ano que cái en Domingo o dia 25 de xulio” (3.2). Trátase dunha construción frecuente na lingua oral que habitualmente se evita na escrita.

Diremos, para terminar esta alínea, que na seguinte pasaxe se bota en falta un verbo principal do que facer depender o infinitivo con clítico *pedirlle*: “Tan solamente por o que dixen, ben vedes canto amor e devocion lle debemos ter; e pedirlle sempre que nos libre de mouros de todas as castas” (4.2).

Na nosa opinión, estas construcións sintácticas defectuosas deberon de aflorar no prego de cordel porque no seu proceso de publicación faltou unha revisión coidadosa tanto do manuscrito inédito orixinal coma do propio impreso xa durante o proceso da súa publicación. Certamente, as présas e a precariedade con que este tipo de obras pasaba polo prelo creaban condicións idóneas para que non se lles puísen deficiencias coma estas.

## 5.4. NIVEIS LEXICAL E FRASEOLÓXICO

### 5.4.1. Uso e depuración de castelanismos substitutivos

Dada a temática do prego que estamos a estudar, é lóxico que unha boa presada dos castelanismos substitutivos que nel se detectan poida encadrarse no campo semántico da vida relixiosa, que, como ben se sabe, estivo moi exposto a esta influencia xa desde o período tardomedieval: *APÓSTOL* (título), *Apóstol* (passim) e *Apóstoles* (1.2), *ayuno* (2.1), *cristiano* (4.1), *cristianos* (2.1, 4 veces; 3.1, 2 veces; 3.2; 4.1, 4 veces; 4.2), *crisiana* (2.1), *crisianas* (4.1, 2 veces), *Evanxelio* (1.1), *hermita* (2.1), *hermitaño* (2.1; 4.2, na sinatura), *Iglesia* (2.2; 3.1; 3.2, 5 veces), *limosna* (3.1), *milagros* (1.1), *sede* (3.2). Con todo, o autor demostra posuír algunha capacidade depuradora sobre a enchente de castelanismos lexicais do ámbito relixioso que no século XIX corrían xa como moeda común no galego oral e mesmo no escrito. *Obispo*, *capilla* e *Dios* son palabras sistematicamente rexeitadas a favor das autóctonas en galego, cuxo coñecemento debeu de chegarlle a Pepe Hermitaño a través das fontes antigas que manexara:

- Nunca utiliza *obispo* nin *obispal*, senón sempre *bispo* e *bispal*: *Bispo* (2.1, 2 veces; 2.2, 2 veces; 3.1, 3 veces; 3.2; 4.1), *Bispos* (2.2, 3.1), *Bispal* (3.2). Porén, *obispo* é ben máis frecuente ca *bispo* no galego escrito do século XIX, como amosa o TILG.

- Tampouco non usa *capilla*, senón *capela*: *capela* (1.1, 2.2), *Capela* (2.1, 4 veces; 3.1). Para o século XIX o TILG mostra un uso moi maioritario de *capilla*, un castellanismo que xa fora empregado polo Padre Sarmiento nas súas coplas de mediados do setecentos.
- Non se utiliza nunca *Dios*, que en troques si é moi frecuente no galego escrito no XIX: *Deus* (1.1; 1.2; 2.1, 4 veces; 2.2; 3.1; 4.1; 4.2, 2 veces).

Esta actividade depuradora suspéndese cando o emprego do termo galego tradicional, por ser ignorado pola inmensa maioría dos posibles receptores do texto e por ter unha forma ben distante da correspondente palabra castelá, podía dificultar a transmisión da mensaxe. Cremos que isto foi o que motivou a escolla léxica a prol de *ayuno* (2.1). Ao noso parecer, resulta a este respecto moi significativa unha decisión editorial que se advirte nun texto que o *Diario de Santiago* publicou entre o 22 e o 23 de agosto de 1877. Como xa dixemos, entre o 9 e o 23 daquel mesmo mes o xornal compostelán ofreceu por entregas a obra de Franrobla (Francisco Romero Blanco) titulada *La herencia símica del hombre*, que ao final incluía a transcripción da versión da *inventio* do corpo do Apóstolo Santiago que se contiña no chamado “libro de la Hermandad de los Caballeros Cambeadores”. Romero Blanco dicía alí (cf. *Diario de Santiago*, 22.08.1877, p. 2) que tomara este relato da *Historia y descripción arqueológica de la basílica compostelana* que en 1870 publicara en Lugo José María Zepedano y Carnero. Pois ben, Zepedano y Carnero (1870: 9-12) publicara este fragmento intercalándolle glosas en castelán daquelas palabras ou grupos de palabras que deberon de parecerlle máis opacos para un lector moderno. Así, a pasaxe que aquí nos interesa rezaba da seguinte maneira na súa obra:

è entrou dentro, è viron, que estaba labrada, è con dous Arcos, è ó Moymento debaixo dun Altar pequeno, e incima unha Pedra, è à os lados outros dous Moymentos, que non eran de tanto altor, è puseromse en orazon, è jajuou todo o pobo (y *ayunó todo el pueblo*) (in Zepedano y Carnero 1870: 11-12).

A transcripción que desta pasaxe ofreceu Romero Blanco na súa obra foi a seguinte:

e entrou dentro, e viron, que estaba labrada, e con dous Arcos, e o Moymento debaixo dun Altar pequeno, e incima unha Pedra, e á os lados outros dous Moymentos, que non eran de tanto altor, é puséronse en orazon, é jajuou (*ayunó*) todo o pobo... (*Diario de Santiago*, 23.08.1877, p. 2).

Sen dúbida, na segunda metade do século XIX eran *xaxín* e *xaxuar* palabras ignoradas pola gran maioría dos galegofalantes e mesmo por non poucas persoas letradas. Por iso tanto Zepedano coma Romero Blanco sentiron a necesidade de aclarar o significado de *jajuuar* por medio dunhas glosas en que se achegaba o castellanismo que daquela, e desde había bastante tempo, sería habitual na lingua oral espontánea. Por iso tamén n’Ó



*Apóstol Santiago* se substituíu a xenuína voz galega da fonte antiga polo castelanismo moderno *ayuno*, pois só así se podía garantir que o auditorio entendese cabalmente o que se lle quería dicir.

A vocación “pedagóxica” que motivou a inserción da glosa *ayunó* no número do *Diario de Santiago* correspondente ao 23 de agosto de 1877 parécenos parangonable con algunhas aclaracións lingüísticas do mesmo teor que vemos n’*Ó Apóstol Santiago*. O seu autor, sabedor polos “papeis máis vellos” dos nomes galegos correspondentes aos *Pelayo* e *Félix* que se estilaban xa no século XIX, preocupábase de transmitirillos ao seu auditorio e mesmo de os poñer en circulación dentro do propio texto:

- Xunto do lugar donde estaba o sepulcro do noso Santo Apóstol había un’a Capela cristiana, da que cuidaba un hermitaño chamado Payo (hoxe é S. Pelayo) (2.1).
- Aquela Capela, ou hermita, era á que oxe chaman S. Felix de Solovio; anque o nome lexítimo é S. *Fins de Lovio*, segun os papéis mais bellos (2.1).

Este nome “lexítimo”, e non o de *Félix*, é o que despois se utiliza: “No terceiro día o Señor Bispo cantou na Capela de S. Fins un’a Misa solemne” (2.1).

En troques, Pepe Hermitaño non demostrou tanta pericia lingüística con certos nomes de papas aos que se limitou a enfeitar cun superficial verniz galeguizador: *Euxe-nio* (4.1), *Alexandro* (4.1).

Outros campos semánticos, maiormente relacionados co mundo da cultura escrita e da creación cultural, ou coa actividade lecto-escritora, acusan tamén a pegada castelanizante: *degollâlo* (1.2), *empuxe* (3.1), *personas* (3.1), *salude* (1.1, 4.2), *secreto* (2.1), *siglo* (3.2), *sin fin* (1.2, 2.2, 4.1). Hai nesta breve relación, como pode verse, unha maioría de substantivos abstractos entre os que non nos estraña atopar o concreto *alhaxas* (4.1), co que se designan obxectos de carácter suntuario propios das clases máis endiñeiradas, é dicir, das que contacto máis antigo e intenso tiveron co castelán; é obvio que, polo contrario, o vocabulario ligado á cultura material das clases populares viviu secularmente moito máis resgardado da substitución castelanizante. De *doncellas* (4.1, 3 veces; 4.2) opinamos que se trata dunha palabra de uso fundamentalmente libresco que, se non se tomou de obras escritas en castelán, estará inspirada en fontes galegas medievais en que, como ben se sabe, se podía usar <ll> co valor de /l/, especialmente se tal uso se xustificaba etimoloxicamente: isto é o que pasaba, precisamente, na *Crónica de Santa María de Iria*, onde se le *donzellas* (cf. Vasques 2001).

Ao igual ca no terreo do léxico relixioso, a acción depuradora seméllanos tamén palmar no caso dos substantivos *cibdade* (1.1; 2.2; 3.1, 2 veces) e *dúbida* (1.2). O primeiro é unha voz que talvez se tomase do galego medieval, mais que tamén se puido perfectamente inspirar no *cibdad* (ou *cibdade*, ou *cibdat*) do castelán antigo ou moderno, pois, como anteriormente dixemos, estas variantes aínda aparecen no Dicionario de Autoridades de 1726-1739 e nos posteriores da RAE co rótulo de “anticuadas”. Canto a *dúbi-*

da, debemos recordar que o castelanismo *duda* abunda nas nosas fontes do XIX (cf. TILG), de modo que, por contraste, reloce a galeguidade da escolla pola que neste caso optou Pepe Hermitaño<sup>32</sup>.

Estimamos que n'Ó *Apóstol Santiago* o vocabulario nuclear se presenta bastante invadido polo castelanismo. Pénsese nos substantivos *bribon* (3.1; frecuente no XIX, ás veces na variante metatizada *birbón*, cf. TILG), *chispas* (4.1)<sup>33</sup>, *luna* (4.2, 4 veces), *peligro* (4.1; forma dominante no galego escrito decimonónico), *sangre* (4.2) e *terreno* (2.1, 4.2); no relativo adverbial *donde* (1.2; 2.1, 3 veces; 2.2; 3.1) e en adverbios fundamentais de uso frecuente como *lexos* (4.2), *solo* (3.2, 4.2) e *solamente* (4.2); no identificador ou adverbio *mismo* (2.1, 2.2, 3.1), *misma* (1.1); ou nas preposicións *hasta* (2.1, 2 veces; 3.1, 3 veces) —coa excepción de *fasta* (2.2) no “galego antigo” do letreiro— e *según* (2.1). Con todo, consérvanse substantivos ou verbos autóctonos como *árbores* (2.2), *burata* (4.2), *carballos* (2.2), *escachizóu* (3.1) ou *nome* (2.2), ou adverbios ou locucións adverbiais como *Ainda ben non* (2.2), *a rentes* (2.2), *axiña* (2.2), *Decontado* (1.2), *decote* (3.1, 4.1) e *logo* ‘axiña’ (3.1).

Tamén nos parece digno de atención o feito de que se utilice fraseoloxía inequivocamente castelanizante para significar a noción adverbial de ‘apresuradamente’<sup>34</sup>:

- Mais, cando iba á facer o mesmo co a Capela do santo Sepulcro, fuxéu *como alma que leva o demo* (3.1).
- E isto animóu máis á os cristianos, e acabou d'aterrar á os mouros, que deron en *fuxir á pés pra que vos quero* (4.1).
- Os demáis foron á buscar a sua media luna o máis lexos que puderon *á uña de cabalo* (4.2).

Coidamos que o uso desta fraseoloxía revela que o autor da peza levaba un tipo de vida moito máis ligado ao traballo de lectura e escritura de textos en castelán, ou ao trato con persoas falantes de tal lingua, ca ás angueiras e rutinas das xentes do mundo rural, entre as que estimamos que no século XIX había de ser común unha fraseoloxía moito máis desembarazada da influencia castelanizante. Un escritor máis vencellado á cultura popular galega daquel tempo, ou máis atento a ela, probablemente empregaría, no canto das anteriores, expresións coma “a fume de carozo”, “a lume de biqueira”, “sen pedir pan para o camiño”, etc.

Da expresión *sanos e salvos* (2.1) cremos que se pode dicir que está tomada do castelán na súa forma. Iso si, non vemos razóns para rexeitar que “san e salvo” poida ser considerada unha expresión xerada autonomamente en galego. Pena (2001: 630) outórgalle plena validez para ser utilizada en galego.

Dubidamos, en troques, no relativo á galeguidade ou autoctonía da expresión “á Santa de Deus”, empregada no seguinte contexto: “Decontado os discípulos seus que o acompañáran colleron o corpo e a cabeza, e escaparon pra o porto de Iapha; fixéronse con un’a lancha, metéronse nela co Santo Corpo, e botáronse á o mar *a Santa de Deus*”

(1.2-2.1). A súa lectura suxírenos de forma case automática unha conexión co modismo castelán “a la buena de Dios”, para o que Pena (2001: 369-371) propón diversas saídas galegas, ningunha delas a utilizada n’*Ó Apóstol Santiago*.

Pensamos, en conxunto, que, aínda que Pepe Hermitaño amosou neste texto unha certa capacidade para exercer un labor depurador no terreo dos castelanismos substitutivos, deixou con todo portelos abertos para que na súa obra se infiltrasen moitos deles, tanto no ámbito do vocabulario nuclear coma en esferas máis periféricas. Esa limitada actividade depuradora debeuse de alimentar dos coñecementos de galego medieval que probablemente adquirira a través das antigas fontes da tradición xacobeá que se escribían na nosa lingua, entre as que non é improbable que se encontrase a *Crónica de Santa María de Iria* do século XV, que se conservaba no Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela e que a partir de alí tamén se difundira por medio de distintas copias manuscritas que circularon entre as persoas interesadas nestas materias.

#### 5.4.2. Préstamos de idiomas modernos distintos do castelán

É pobre a colleita de préstamos desta procedencia que podemos facer n’*Ó Apóstol Santiago*.

Do francés proveñen *galopin* (1.2, 4.1) e *sable* (4.1). A voz francesa *galopin* ‘rapaz dedicado a facer recados’, úsaa Quevedo no século XVII (cf. DCECH), e en galego ten, segundo o TILG, un primeiro rexistro moi serodio: de 1812. *Sable* tamén se debeu de tomar do francés, idioma ao que chegou desde o alemán antigo *sabel*; a primeira documentación en castelán que dá o DCECH é de 1738, ao paso que en galego o TILG rexistra *sabre* desde 1858 e *sable* desde 1886.

Do italiano procede en última instancia o verbo *alertar(se)* (*me alerto*, 1.1), que se formou sobre a interxección *alerta!*, tomada do italiano *all’erta* coa probable mediación do castelán no caso do galego. Romances coma o portugués, o castelán e o francés tamén desenvolveron o verbo *alertar(se)*. En galego *alertar* non parece documentarse antes do XIX, e neste século é pouco usado (cf. TILG).

O substantivo *lancha* (1.2) provén do malaio *lánčār*, que chegou a Europa no século XVI a través do portugués. En galego o TILG só o recolle de 1858 en diante, pero xa o Padre Sarmiento o oíu o ano 1745 durante a viaxe que daquela fixo por Galicia:

En las costas de Galicia anda costeando de continuo un barco al cual llaman *lancha ladrona*. El fin es para observar si quiere aportar algún *contrabando* de *sobremar* para apresarlo (Sarmiento 1970: 384 ).

*Nao*. Lllaman al navío, y hay: *caravelá, patáche, pináza, lanchar, dorna, batel, bóte* (Sarmiento 1970: 308).

Catalá é a orixe de *congoxa* (4.2). Coma no portugués, no galego é palabra pouco usada que o TILG só rexistra a partir de 1845 e que non ten tradición medieval.

### 5.4.3. Cultismos

Ofrecemos aquí algúns datos relativos ao eco que n'Ó *Apóstol Santiago* alcanza o acrecentamento lexical conseguido no galego tardomedieval ou posmedieval mediante a incorporación de cultismos que, nalgúns casos, mesmo viñeron a substituír as correspondentes solucións patrimoniais que antigamente se usaran. Dada a formación e dado o tipo de lecturas que lles cabe supoñer aos escritores galegos daquela época, cremos lóxico inferir que en moitos casos non nos encontraremos ante cultismos levados directamente desde a fonte clásica ata o galego, senón ante cultismos achados en textos casteláns ou oídos na conversa cultivada en castelán que con leves acomodacións ou mesmo sen acomodación ningunha podían ser empregados tamén en galego.

A temática que nel se aborda dános a chave para comprender que sexa de novo o campo semántico da vida relixiosa o que máis se beneficia da incorporación de cultismos neste texto: *clero* (2.1), *Concilio* (1.2), *conversions* (1.2), *culto* (3.1), *devocion* (3.1, 4.1), *gracia* (3.2), *mista* (3.2), *oracion* (2.1), *penitencia* (3.1, 3.2), *penitente* (2.1), *peregrinacion* (3.1, 4.1), *redempcion* (1.1), *sepulcral* (2.2), *venerar* (2.2), etc. *Consecraron* (3.1) e *consecracion* (3.1) son recreacións latinizantes baseadas nas voces do latín clásico CONSECARE e CONSECRATIO que non atoparon continuidade nas obras de autores coetáneos ou posteriores.

No campo semántico da milicia inscríbese o cultismo tamén tardío *exército* (4.1). E a campos diversos pertencen outros como *aflixas* (4.2), *angustioso* (4.2), *aparato* (3.1), *asistencia* (3.1), *cabiloso* (4.2), *calamidade* (4.1), *columna* (1.1), *condicion* (4.1), *decencia* (2.1), *depositaron* (2.1, 2 veces), *desgracia* (3.1), *disenteria* (3.1), *ignorada* (2.1), *noticia* (2.2, 3.1), *protector* (4.2), *regalia* (3.2), *regalía* (3.2, 2 veces), *signado* (2.1), *significado* (2.1), *solemne* (2.1), etc.

Chama a atención o feito de que, contra o que adoitou facerse en todo o moderno galego escrito anterior a 1982, n'Ó *Apóstol Santiago* apenas haxa intervención patrimonializadora sobre os cultismos. Polo contrario, o que no texto se observa é un gusto patente polo emprego das solucións cultas sen alteracións do vocalismo nin do consonantismo, co mantemento de grupos consonánticos tautosilábicos e heterosilábicos que na maioría das obras do seu tempo foron obxecto de distintos tipos de intervención por parte dos escritores.

## 5.5. CONCLUSIÓNS

Ó *Apóstol Santiago* semella a reprodución escrita da alocución dirixida por un predicador a un auditorio a quen considera intelectualmente inferior e a quen desexa adoutrinar. Lingüísticamente o texto presenta unha feitura heteroxénea, mais en conxunto cremos que preponderan nel os elementos cultos sobre os tons populares. Pénsese, por exemplo, na incorporación de formas gráficas de inspiración libresca, na moi moderada explotación estilística que nel se fai dos fenómenos de alteración, subtracción e aumen-

to de vogais e semiconsoantes, na resistencia a transformar en grupos tautosilábicos con [r] aqueles grupos con [l] que se daban nos cultismos e noutros préstamos lexicais modernos, na conservación gráfica dos grupos consonánticos heterosilábicos dos cultismos, na ausencia de formas con metátese de consoante vibrante (tan frecuentes na lingua escrita do XIX), ou, no terreo do léxico, no coñecemento de voces galegas medievais que ao longo da obriña se amosa.

A influencia castelanizante advírtese en todos os niveis da análise lingüística. É patente, como vimos, no plano gráfico, onde con todo non faltan usos particulares que por razóns de toda evidencia non podían inspirarse na norma castelá da época: o do til circunflexo, o do apóstrofo, o de *dúbida* con <b> etimolóxico ou a representación da consoante /ŋ/ en posición explosiva e intervocálica. E é patente tamén en diversos aspectos dos outros niveis da análise que fomos sinalando ao longo da nosa exposición. Ora ben, Pepe Hermitaño exhibiu tamén unha limitada capacidade depuradora de castelanismos lexicais substitutivos que parece nutrirse de certos coñecementos do galego medieval que debeu de adquirir mediante a lectura de textos antigos: así, evita *capilla*, *ciudad*, *Dios*, *duda*, *obispo* e *obispal* e emprega sempre *capela* ou *Capela*, *cibdade*, *Deus*, *dúbida*, *Bispo* e *Bispal*. No terreo da onomástica, o autor móstrase consciente de que, segundo os “papeis máis vellos”, os “lexítimos” nomes galegos para *Pelayo* e *Félix* son *Payo* e *Fins*.

Inspiración en textos antigos e fontes librescas en xeral cremos que a revelan tamén o emprego de <I> para representar a consoante /ʃ/ de certos nomes de santos, papas ou cidades da tradición bíblica, e tamén o de Xesús Cristo; o de <i> co mesmo valor fonolóxico en *iaz* e *iuntos*; o de <-m> final en *Ierusalem* e *num*; ou o de <lh> en *filho* e <nh> en *Hispanha*.

A lingua do texto non responde a un modelo dialectal definido, mais en conxunto estimámola máis occidental ca oriental. Se no tocante á variación dos ditongos decrecentes *oi/ui* encontramos unha combinación de solucións que podería apuntar cara ao interior do norte da actual provincia de Pontevedra, o uso asistemático de *por o* no canto de *po* podería inclinar nos a adxudicarlle a Pepe Hermitaño unha orixe ou unhas vinculacións ourensás que parece vir a desmentir a utilización constante dos pronomes suxeito *el* e *eles*, e non de *il* e *iles*. É certo que, en troques, si se empregan *iste* e *istes*, mais non se debe esquecer que o conxunto dos demostrativos presentes n'Ó *Apóstol Santiago* configura un modelo interdialectal en que a adopción inconstante das variantes con <i> tónico incluso no xénero feminino parece obedecer a impulsos diferencialistas. Pola súa parte, a práctica da distinción formal de número entre *lle* singular e *lles* plural, aínda que é característica do cuadrante galego nororiental, tamén se coñece fóra desa área. Canto ás flexións nominais, obsérvase unha preferencia decidida polas occidentais, coa relativa excepción do adxectivo *bon*, que hoxe se emprega nunha ampla zona centro-oriental que inclúe unha considerable faixa oriental da provincia da Coruña. No terreo da morfoloxía verbal observamos a concorrencia de distintas variantes que, globalmente consideradas, semellan apuntar

como zona de procedencia cara ao cuadrante galego noroccidental en que está enclavada a cidade de Santiago de Compostela (*merecéu e escribétu, poñer, púderon e poidesen, dou, fúu*), sede do *Diario de Santiago* situada a poucos quilómetros do Pico Sagro.

Ao noso entender, a análise lingüística que realizamos non nos revelou elementos que permitan determinar con rotundidade se a obriña foi escrita orixinalmente en 1801 ou na década de 1870. Parecen apuntar cara aos principios do século a moderación no uso do apóstrofo, quizais o emprego de *letreyro* no canto de *letreiro* (que tamén puido deberse simplemente a que se fixo unha copia literal da fonte manexada), a representación da consoante nasal velar en posición interior por medio do signo gráfico <n'> e non do dígrafo <nh> (común no Rexurdimento), ou a utilización dos dígrafos <ch>, <ph> e <th> en voces de orixe grega e no topónimo oriental *Iapha*. Máis próximas das prácticas dalgúns autores da segunda metade do XIX semellan en troques as intervencións puristas no terreo do léxico (*Bispo, capela, cibdade, Deus, dúbida*). No entanto, ningún destes argumentos resulta determinante. A este respecto, temos a impresión de que non resulta aventurado supoñer que a peza orixinal se puido escribir efectivamente en 1801, e tamén que debeu de recibir algún retoque antes de pasar polo prelo entre 1876 e 1878. A intervención destinada a identificar os que serían os últimos tres anos santos do século XIX parécenos pouco menos que incuestionable, mais, como indicamos no noso estudo, non descartamos que se fixese tamén algunha outra interpolación.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALGa 1: Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- ALGa 2: Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 2: *Morfoloxía non verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Álvarez, Rosario (1983): "O artigo en galego. Morfoloxía", *Verba* 10, 169-182.
- Álvarez, Rosario / X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Armesto, Victoria (1994): *Galicía Feudal*. 3ª ed. A Coruña: La Voz de Galicia.
- CORDE: REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en línea]. *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>> [setembro-décembro, 2006].
- DCECH: Joan Corominas & J. A. Pascual (1987/1989/1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos [vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991].
- Durán, José A. (ed.) (2001): *Alfredo Vicenti, "El Maestro" del Periodismo Español (Santiago, 1850 / Madrid, 1916)*. Madrid / Rianxo: Asociación de la Prensa de Madrid / Taller de ediciones J. A. Durán (Ed.).
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Freixeiro Mato, Xosé R. (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé R. / X. M. Sánchez Rei / G. Sanmartín Rei (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. Universidade da Coruña.
- González Seoane, Ernesto X. (1991): "O debate sobre o galego na prensa do XIX. Algúns datos para unha historia do antigaleguismo", *Grial* 110, 275-287.
- González Seoane, Ernesto X. (1992): *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*. Tese de doutoramento. Microficha. Universidade de Santiago de Compostela.

- Hermida, Carne (1992): *A reivindicación da Lingua Galega no Rexurdimento (1840-1891)*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega.
- Huerta y Vega, Francisco X. M. de la ([1736]): *Anales de el Reyno de Galicia*. Tomo Segundo. Santiago: Imprenta de Ignacio Guerra.
- Lapesa, R. (1981): *Historia de la lengua española*. 9ª ed. Madrid: Gredos.
- López Ferreiro, A. (1868): “El monte-sacro de Galicia”, en *El Eco de la Verdad* 22 (01.08.1868), pp. 173-176; 24 (15.08.1868), 187-190 e 25 (22.08.1868), 196-198.
- López Ferreiro, Antonio (1909): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago: Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central, tomo XI.
- López Martínez, María Sol (1993): *O complemento directo con preposición a en galego*. Anexo 36 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Mariño Paz, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacementa. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. Monografía 2 da *Revista Galega de Filoloxía*. Universidade da Coruña.
- Menéndez Pidal, Ramón (2005): *Historia de la Lengua española*. 2 vols. Madrid: Fundación Menéndez Pidal / Real Academia Española.
- Monteagudo, Henrique (1996): “Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII: ‘Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores’”, en Ramón Lorenzo e Rosario Álvarez (coords.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Universidade de Santiago de Compostela, pp. 351-375.
- Pena, Xosé A. (2001): *Diccionario Cumio de Expresións e frases feitas castelán-galego*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Pombo Rodríguez, Antón (2001): “O rexurdir do culto xacobeo e da peregrinación durante o pontificado do cardeal Miguel Payá y Rico (1875-1886)”, in A. Pombo Rodríguez (coord.): *V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas. Cee (Fisterra), 9-12 de outubro de 1999*. Deputación Provincial da Coruña, 157-196.
- Real Academia Española (1726-1739): *Diccionario de la lengua castellana*, 6 vols: vol. 1: Madrid: Francisco del Hierro, 1726; vol. 2: Madrid: Francisco del Hierro, 1729; vol. 3: Madrid: Viuda de Francisco del Hierro, 1732; vol. 4: Madrid: Herederos de Francisco del Hierro, 1734; vol. 5: Madrid: Herederos de Francisco del Hierro, 1737; vol. 6: Madrid: Herederos de Francisco del Hierro, 1739. Ed. facsímil: *Diccionario de Autoridades*. 3 vols. Madrid: Gredos, 1990.
- Real Academia Española (1792): *Ortografía de la lengua castellana*. Séptima impresión, corregida y aumentada. Madrid: Imprenta de la Viuda de Ibarra.
- Real Academia Española (1815): *Ortografía de la lengua castellana*. Octava edición notablemente reformada y corregida. Madrid: Imprenta Real.
- Rey Castelao, Ofelia (1985): *La Historiografía del Voto de Santiago. Recopilación crítica de una polémica histórica*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Rey Castelao, Ofelia (1993): *El Voto de Santiago. Claves de un conflicto*. Santiago de Compostela: s.e.
- Ríos Panisse, M.ª do Carme (2000): “O Prerrexurdimento”, en Anxo Tarrío Varela (coord.): *Os Séculos Escuros. O século XIX*. A Coruña: Hércules, pp. 111-147.
- Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Soto Freire; 2ª ed.: Ourense: Gráficas Tanco, 1967.
- Sarmiento, Fr. Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Universidad de Salamanca.
- Souto Cabo, José A. (2001): “A xénese”, “O texto”, “A obra”, “Estudo lingüístico”, in R. Vasques: *Crónica de Santa Maria de Íria*. Estudo e edición de José Antonio Souto Cabo. Santiago: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Edicións do Castro, 17-35, 37-47, 137-155, 157-207.
- TILG: A. Santamarina (dir.) (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://www.ti.usc.es/TILG/>) [setembro-décembro, 2006].
- Vasques, Rui (2001): *Crónica de Santa Maria de Íria*. Estudo e edición de José António Souto Cabo. Santiago: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Edicións do Castro.
- Vilavedra, Dolores (coord.) (1995): *Diccionario da literatura galega*. I. Autores. Vigo: Galaxia.
- Zepedano y Carnero, José M.ª (1870): *Historia y descripción arqueológica de la basílica compostelana*. Lugo: Imprenta de Soto Freire. Edición facsímil, con introdución de José M.ª Díaz Fernández: Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1999. REPRODUCCIÓN FOTOGRÁFICA.



## Ó APÓSTOL SANTIAGO.

P. G.

¡VIVA!

Meus amiguíños: saúde e pas en noso Señor Iesuchristo.

Muito me alerta, cando oya falar do noso Santo Apóstol. ¡E cómo non? O bendito San Iacobo, primo carnal do Santísimo Iesus, foi o Apóstol que trouxo a Hesperia ou Hispanha á *bó nova* da redempcion do mundo; é predicón muito tempo nela o Santo Evanxelio, pasando muitos trabalhões, facendo muitos milagros; e convertindo muita xente a noso Señor Iesuchristo. E tan ben ó facía, que mereceu un'a visita da mesma Madre de noso Señor, cando estaba xunto da cibdade Casaraugusta, que hoxe chaman Zaragoza; e dóulle un'a imaxen súa con un'a columna, pra poñela nun altar da capela, que alí lle mandón construír, e, pequena ou grande, él fixoa.

Isto, meus amigos, quer decir, que á Madre de Deus quixo tomar posesion xa ná sua vida mortal da terra d'

Hispanha, sendo á sua privilegiada e pó lo que fái sempre cognoscido por *Patrimonio de Maria Santísima*, que bendita sempre súa.

Despóis de pasar un sin fin de trabalhões, tuvo que volver á Ierusalem o Santo Apóstol, sin dúbida chamado por S. Pedro pra asistir á o terceiro Concilio celebrado no ano 50 do nacemento de noso Señor Iesuchristo, donde se xuntaron os Apóstoles todos. E por entónces, debáu ser, cando o galopin de Herodes (muitos hay ainda) mandón degollálo por causa do muito celo con que predicaba a santa ley, e das muitas conversions que facía de almas pra o reino de Deus. ¡Xa se vé! Era muy valente e nada medoso: era ben Filio do raixo.

Decontado os discípulos seus que o acompañáran colleron o corpo e a cabeza, e escaparon pra o porto de Iapha; fixéronse con un'a lancha, metéronse nela co Santo Corpo, e botáronse á



o mar a Santa de Deus: e Deus quixo que sanos e salvos chegasen á Cesures porto de Iria-Flavia, que entónces debía ser dos bons, donde desembarcaron e depositaron o santo corpo un pouco de tempo, levándoo logo mais a dentro do terreno, hasta un bosque muy espeso donde fixeron un'a Capela muy bonita con axuda dos cristiaños que xa habia, e alí o depositaron con muita decencia, e gardando todos muito secreto, por causa das grandes persecucions que sufrían dos enemigos dos cristiaños. E por isto chegou á quedar ignorada por muito tempo cousa de tanto valer, hasta que Deus quixo dálo á coñecer, como veredes.

Xunto do lugar donde estaba o sepulcro do noso Santo Apóstol habia un'a Capela cristiana, da que cuidaba un hermitaño chamado Payo (hoxe é S. Pelayo) monxe muy penitente, que atendía tamén á as necesidades espirituales de uns catrocentos cristiaños que acollidos n'aquel bosque puderon librarse da persecucion dos anti-cristiaños.

Aquela Capela, ou hermita, era á que oxe chaman S. Felix de Solovio; anque o nome lexítimo é *S. Fins de Lovio*, segun os papéis mais bellos.

Un'a noite estaba o monxe en oracion, e vén luces n'un sitio do bosque e que un'a estrela de rabo botaba raios de luz á aquel mesmo sitio; e isto pasou outras noites mais. O monxe cabilou no conto, e avisou á o Señor Teodomiro Bispo de Iria, quen dispuxo un ayuno de tres dias pra que Deus os iluminase, e poidesen saber o significado de tales luces e estrelas; pois a cousa seguía todas as noites.

No terceiro dia o Señor Bispo cautou na Capela de S. Fins un'a Misa solemne, e logo fíi có clero e veciños á o lugar signado p'o las luces é p'o la estrela de rabo: mandon cortar

a rentes os espiños, carballos, e demais árbores, e de duro cavar n'a terra aquela. Todos traballaron de alma; e, meus amigos, xa veredes ó que se descubreu.

Hacharon un'a capela bonita con bóveda sobre dous arcos de pedra muy labrada; e dentro un monumento sepulcral de figura dun altar, e á cada lado outro mais pequeno, todo feito de pedra marmórea.

Con muitísimo respeto abriron o primeiro, e viron todos un Corpo sin cabeza, e que esta estaba xunto do corpo, e mais un bordon, e un letreiro que decía así:

«Aquí jaz Iacobo filho do Zebedeo e de Salomé, Hirmao de Ioan, que matou Herodes en Ierusalen, e ven por mar cós seus Discipulos fasta Iria Flavia de Galicia, e véo num carro e bois de Lupa señora d'este Campo, e d'qui non quixeron pasar mais a diante; e S. Cecilio discipulo do Apóstol lo fez, estando iuntos os mais discipulos.

Iste descubrimento fíi na era DCDXI, ou sea no ano 873 do nacemento de noso Sr. Iesuchristo, sendo Papa Leon III, Bispo de Iria Teodomiro, e rey de Asturias e Galicia Alonso II o Casto.

E desde entónces fíi chamado aquel sitio o *Campo da estrela* por aquela grande que botaba n'el os raios de luz, e en latin decíase *Campus stella*, de donde vén o nome de COMPOSTELA a cibdade que hoxe vemos, e que é mais coñecida por o nome de SANTIAGO p'o lo gran tesuro que, á Deus gracias, conserva n'a Santa Iglesia Cathedral.

Ainda ben non chegou á os oídos do señor rey D. Alonso a noticia de tan importante descubrimento, vén axiña cós principais do reino á venerar o santo Corpo do Apóstol, e mandou facer ali mesmo un templo muito bon. E a Santidá de Leon Papa III escribiu á todos os Bispos da

Cristiandade cartas, dándolles a alegre noticia do descubrimento de tan rico tesouro.

En 6 de mayo de 899 con permiso do Papa Ioan X, sendo Bispo de Iria Sigüando I, dez e sete Bispos consecraron o templo con asistencia do Rey, quince Condes, e muitas outras personas de pró e rango. E tomou tanto auxe o culto divino n'aquela santa Iglesia, que se fixo muy famosa en todo mundo, e un fin de cristianos viñan decote de toda a terra en peregrinacion á visitar o Sepulcro do Santo Apóstol desdeo pobriño que pedía limosna hasta os réis mas grandes; desde o peccador que viña por penitencia hasta o santo que viña por devocion.

Todo iba ben e á paz de Deus; mais no agosto de 977 o bribon do rey mouro Almanzor atacou a cibdade e escachizou o templo; mais, cando iba á facer o mesmo co a Capela do santo Sepulcro, fuxeu como alma que leva o demo; pois sonou un trono e caíen un rayo a os pes do mouro; pro, anque fuxeu, non quedou sin castigo: muy logo fúí derrotado pò los cristianos, e na fuxidura non parón hasta Medinaceli donde el e os seus mouros morreron atacados d' un' a disenteria espantosa.

Logo que o señor rey D. Bermudo II supo a desgracia, puxose acorde co Bispo D. Pedro I, e trataron de facer novo templo; pois do outro ainda casi non quedaran as paredes. Douse comenzo á obra, e no ano 1050 o Bispo D. Cresconio mandou facer duas torres de defensa do templo, e cerrou a cibdade con boas murallas e atalayas.

Prò, o empuxe mais grande douse a obra no ano 1078 sendo Bispo Don Diego Pelaez primeiro; e despois fíxose a consecracion do templo con muito aparato no dia 23 de abril do ano 1211.

Hay que saber que no ano 1095 á Santidá de Urbano 2.º dou Bula, pra que a sede Bispal que estaba en Iria se trasladase á Compostela, como así o fixo o Sr. Bispo D. Dalmaçio que pedira a o Papa esta gracia.

Ista S. Iglesia de Compostela é o terceiro Santuario dos catolicos, tanto, que o voto de visitála é o terceiro dos reservados á o Papa; e tén ademais outros grandisimos privilegios dos Padres Santos e dos Reis Catolicos. O mais valioso é o que vou á á contar; o xubileo do ano santo, que e cousa que non hay como ela no mundo.

Todos os anos que é Domingo o dia 25 de xulio festa principal do bendito Apóstol Sant-Iago, é todos os dias ano santo, ou de xubileo n'esta Santa Iglesia; e todos os cristianos poden ser absolvidos de todos os pecados, ainda dos reservados á o Papa (menos o da herexia mista) confesándose ben, e visitando devotamente a Santa Iglesia Catedral, rezando ou orando ali conforme á intencion dos Papis por as necesidades da Santa Iglesia e do reino.

Pra entender algo da grandiosidá de esta regalia, hai que saber que solo en Roma hay outra igual, mais non é sinon de 25 en 25 anos, e con mais obrigacions de penitencia; e en Compostela é, como vai dito, todos os dias do ano que caí en Domingo o dia 25 de xulio. Así é que n'este siglo tócalle haber trece anos santos, e tócalle ser os tres últimos os anos 1880, 86, e 97.

¿Non vos parece, meus amiguínos, que esta grandiosa regalia vale mais, que todo o ouro do mundo? ¿E non chorades d' alegría pensando nò grande thesouro que temos en Hispanha?

¡Ay, meus amigos! Esta gran regalia témola pò la bondáda Santa Iglesia. O primeiro que nos la deu fúí o Padre Santo Calixto II, quen, sendo

Bispo de Viena, veu en peregrinación á visitar o sepulcro glorioso do noso Santo Apóstol, e despois foi confirmada por os Papas Euxenio III, Anastasio IV, e Alexandro III.

Decide agora, meus amiguíños: ¿Cantas grazas non debemos dar decote á o noso bon Deus por tales favores? ¿E non sabedes tamén os milagros máis que nos fixo por medio do noso Santo Apóstol? ¿E non sabedes canto nos axudou contra os mouros? Vou á decir un d'eles.

Os mouros era muy usureiros e deshonestos: non lles bastaba roubar cartos, e alhaxas, e terras, e homes pra escravos: tamén arroubaban doncellas cristianas pra facer burla d'elas. Por mal dos pecados perderon os cristianos un día grande batalla, e o rey mouro púxolles condición afrentosa de darlle cada ano cen doncellas cristianas das mais nobles bonitas e guapas. E d'ista calamidade librounos o noso Santo Apóstol. Veredes como.

O señor rey cristiano D. Ranimiro que o era de Asturias, Galicia e Leon, repúxose á dar o infame tributo das cen doncellas: entoncos o galopin rey mouro Abderramen axuntou un exercito dun sin fin de mouros pra acabar cos cristianos. Vironse estes muy pretos, e en grandísimo peligro no primeiro día da batalla, e a noite tiveron que acollerse a montaña de Clavixo na Rioxa. Mais no segundo día baixaron do monte, ¡parecian leons! e atacaron de duro á os mouros. Entoncos, tanto mouros como cristianos, viron todos que por o aire viña un gran Señor nun cabalo branco; e tiña na man esquerda un'a bandeira con cruz, e na dreita un sable que parecia botar chispas de fogo. E isto animou máis á os cristianos, e acabou d'aterrar á os mouros, que deron en fuxir á pés pra que vos quero; e n'aquel día, dicen as historias mais seguras, que uns setenta mil mouros

quedaron mortos buscando á sua media luna debaixo dos pés dos cabalos, roendo pedras, comendo terra, e borbollando sangue...

Os demais foron á bustar a sua media luna o máis lexos que puderon á uña de cabalo, sin atreverse á mirar pra o aire, por non ver outra vez á o guerreiro do cabalo branco. ¿Quén era aquel Señor? Escutade.

Na noite seguida á o primeiro día da batalla en que os mouros ganaron terreno, o señor rey D. Ranimiro quedou muy cabiloso, e muy angustioso, e cheísimo de pena, e discurrido como podería vencer á os mouros: o pensar, a congoxa e o traballo rendirono, e quedou dormido. En seguida veu en soño un Señor muy respectable que lle dixo:

«Ranimiro: ten valor: eu son Iacob Apostol', á quen noso Deus fixo Tuteilar da Hispanha. Nonte sfixas máis: mañan atacade á os mouros de duro: eu serei o voso Capitán.

Iste, meus amigos, non é conto de bellas: e-tá muy probada á verdá d'esta historia. Desde entoncos non hubo máis tributo de doncellas; e todos os cristianos fixeron oferta á o Santo Apóstol o seu protector e defensor.

Contar as muitas, mais veces que o Santo Apóstol nos protexeu e censa solo d'un libro muy grande. Tan solamente por o que dixen, ben vedes canto amor e devoción lle debemos ter: e pedirlle sempre que nos libre de mouros de todas as castas, que ainda salen muitos da nosa terra, uns con media luna, e outros con luna enteira.

Salude, amiguíños: Deus, Nosa Señora, e o Santo Apóstol nos axuden sempre: Amen.

Burata do Pico-Sacro, a 23 de xuño do ano 1801.

PEPE HERMITAÑO

(Manuscrito inédito)

## APÉNDICE

## !!!COMPOSTELA!!!

— »o« —

Era el año de 812 del nacimiento de nuestro Señor Jesucristo, reinando D. Alonso II el Casto, y siendo Teodomiro obispo de Iria; cuando los vecinos de San Félix de Solovio (hoy *Solovio*) y un monje anacoreta llamado Pelayo, que cuidaba de su pasto espiritual, vieron algunas noches que en el campo y bosque inmediato brillaban algunas luces, y que una estrella dirigía sus rayos luminosos al mismo lugar. Pusiéronse en oracion, y el monje tuvo revelacion de que en aquel lugar estaba el sepulcro del Apóstol Santiago en donde habian colocado sus discípulos su santo cuerpo, despues que Herodes le degolló en Jerusalem, trayéndole de allá y desde Joppe en una pequeña barca, cuyo viaje fué próspero bajo la divina proteccion, aportando á Iria-Flavia (Padron), y trasladándole en seguida al interior del bosque en donde lo depositaron dentro de una capillita que construyeron y en un sepulcro que hicieron de mármol, en donde estuvo oculto por mas de siete siglos, pues las persecuciones contra los cristianos, invasiones de bárbaros etc. habian obligado á extrañarse de su pais los pocos cristianos que no fueran aun martirizados.

Avisado el obispo de Iria del maravilloso acontecimiento, mandó observar tres dias de ayunos; y despues fué al lugar designado por las luces ó resplandores y por los rayos luminosos de la estrella: mandó cortar los árboles, y limpiar de malezas aquel lugar, y á poco de cavar en la tierra, descubrieron una capillita ó *caseta arqueada*, como dice el Papa Leon III y en ella el sepulcro donde estaba depositado el cuerpo de Apóstol Santiago, y á su lado los de sus santos discípulos, y además la misma columna en que fué degollado el santo Apóstol de España.

De los rayos luminosos de la estrella sobre aquel campo, se ha llamado á este el *Campo de la estrella*, en latin *Campus Stellæ*, y luego vulgarmente COMPOSTELA; y asi se le conoce y denomina [*sic*] en documentos importantísimos; y es el título de nuestros Prelados: *Archiepiscopus Compostellanus*.

(Permitásenos [*sic*] un paréntesis: ¿por qué no se procura conservar la denominacion de CAMPO DE LA ESTRELLA, con que nuestros padres, abuelos, bisabuelos etc. etc., designaban ó llamaban el CAMPO donde está el paséo de la alameda y los *adjuntos*?)

Tan pronto supo el rey Alfonso II el importante hallazgo, se apersonó en aquel lugar, en donde mandó edificar un templo, cuya obra se terminó el año 899 é expensas del rey D. Alfonso el Magno, celebrándose su solemne consagracion con asistencia de muchos prelados y otras personas nobles y muy principales, que no anotamos á causa del poco espacio de que podemos disponer. D. Sancho y la *Crónica Iriense* llamaron á dicho templo MAGNIFICO y ADMIRABLE.

En 990 arruinó este temple [*sic*] el rey moro Almanzor; y obligó á los cristianos á llevar en sus hombros á Granada las campanas, que despues de la reconquista hizo el Santo

rey D. Fernando transportar á Compostela en hombros de moros, como antes lo hubieran sido á Granada en hombros de cristianos.

Se procuró reedificar el templo; y en 1077 por disposición del obispo D. Diego Peláez se trabajaba ya en la obra sobre el primitivo, conocido aun hoy por «la catedral vieja»; y continuó la reedificación por orden de Dalmacio primer obispo de Compostela, y su sucesor Gelmírez: éste fué el primer Arzobispo compostelano.

Muchas variaciones, reformas y mejoras se hicieron desde entonces la en [sic] Santa basílica; con muchos privilegios enriquecieron el LUGAR SANTO los Reyes y los Papas, todo lo cual sería muy prolijo enumerar; pero no podemos menos de hacer mención del gran privilegio del SANTO JUBILÉO, privilegio sin igual en el orbe católico, concedido por el Papa Calisto II, y confirmado por Alejandro III en 25 de Junio de 1170 á todos los fieles cristianos que confesos y contritos visiten este santo templo y en él pidan á Dios el remedio de las necesidades de la Iglesia y del reino, pudiendo ser absueltos de todos sus pecados, aun de los reservados al Papa y ganar indulgencia plenaria, prévias dichas circunstancias, todos los días del año en que cayere en Domingo la fiesta principal del Santo Apóstol y Patron de España, que se celebra el 25 de Julio, como aconteció este año.

El Santo Jubileo romano solo tiene lugar cada 25 años, esto es, cuatro veces cada siglo; pero el Compostelano se puede ganar todos los años en que, como va dicho cayere en Domingo la festividad de nuestro Santo Apóstol y Patrono.

¿Cuanto no debemos gloriarnos los españoles, y mas aun los Compostelanos de privilegio tan singular?

*El Diario de Santiago, 24.07.1875, p. 1*

## NOTAS

- \* Os autores deste artigo contamos coa colaboración das seguintes persoas para diversos aspectos do noso traballo: Xosé Ramón Barreiro Fernández, José M.<sup>º</sup> Díaz Fernández, Xesús Ferro Ruibal, Sagrario López Poza, Antonio Maceira Gago, Ofelia Rey Castelao, Isabel Romaní Fariña, Carlos Santos Fernández, José Antónío Souto Cabo, Felipe Valdés Hansen, Elena Villar Conde e todo o persoal do Arquivo Catedralicio de Santiago. Vaia para todos eles o noso agradecemento.
- 1 Sabemos, por exemplo, que cara a 1812 se fixeron na zona de Santiago lecturas públicas da Constitución nos adros das parroquias, á saída da misa (Ríos Panisse 2000: 117).
  - 2 A primeira que lle coñecemos, publicada en 1829, é a *Letrilla de los Labradores Gallegos á los*

*Regios Desposorios de S. M. en la funciones de la M. N. y M. L. Ciudad de Santiago*, que festexa o casamento de Fernando VII con María Cristina de Borbón.

- 3 Publicados entre 1840 e 1862 (Vilavedra 1995: 217).
- 4 Véxase epígrafe 5.1.2.
- 5 De 1808 coñecemos a “Proclama na Guerra da Independencia, por un labrador que foy sarxento ós soldados do novo alistamento”, romance de 48 versos publicado en 1861 na *Galicia. Revista Universal de este Reino*; en 1810 publicáronse na Coruña as *Proezas de Galicia*, obra propagandística en forma de diálogo escrita por José Fernández y Neyra.
- 6 Segundo parece, houbo ermitáns na ladeira do Pico Sagro desde finais do século XVII ata arre-

- dor de 1841; dedicáronse ao coidado dunha capela consagrada ao Apóstolo Santiago —fundada en 1680 polo cóengo D. Pedro de Valdés Feijó y Nóvoa— e a atender os peregrinos que se dirixían a Compostela pola Vía da Prata (López Ferreiro 1868: 189-190). A correspondente escritura de fundación encóntrase no Arquivo Catedralicio de Santiago co número de rexistro IG 166.
- 7 Esas dúas Buratas atópanse na parroquia de San Pedro de Vilanova, no concello de Vedra. Non estamos en condicións de asegurar que non haxa algunha outra Burata nas inmediacións do Pico Sagro.
  - 8 Non hai que desbotar a posibilidade de que na versión publicada que coñecemos hoxe d'Ó Apóstol Santiago houbo algunha intervención no plano lingüístico realizada polos seus editores ou impresores.
  - 9 Os fragmentos da “Memoria” transcritos por Antonio Rioboo y Seixas na súa *Analysis Historica-Chronologica de la primitiva Ereccion, progresos y diversas reedificaciones de la Santa Iglesia de Santiago* (ca. 1747) non conteñen a totalidade do texto que aparece n'Ó Apóstol Santiago (Monteagudo 1996: 361).
  - 10 Poderíamos pensar que esta modificación se fixo tendo en conta o testemuño da *Historia Iriense*, que Huerta y Vega transcribe unhas liñas antes do da “Memoria”. Alí atopamos: “Aquí jaz JACOB FILLO del Zebedeu, è de Salomè, Hirmao de Jan, à quen matou Herodes en Jerusalem” (Huerta y Vega [1736]: 311).
  - 11 Atopámolo integrado na obra de Franrobla (é dicir, de Francisco Romero Blanco) titulada *La herencia sîmia del hombre*, que o xornal compostelán publicou por entregas do 9 ao 23 de agosto de 1877.
  - 12 Ano que, por exemplo, propón Huerta y Vega ([1736]: 313).
  - 13 De tendencia liberal-demócrata, foi o periódico galego de máis prestixio do momento. Tivo como director a Manuel Bibiano Fernández, substituído circunstancialmente por Alfredo Vicenti, o seu redactor xefe, en 1878 (Durán 2001: 20).
  - 14 Tanto a colección do *Diario de Santiago* coma a da *Gaceta de Galicia* poden consultarse a través da rede na páxina da Biblioteca Universitaria da USC (<<http://busc.usc.es/>>).
  - 15 Na sección semanal “Álbum literario”, aparecida entre os anos 1874 e 1875, incluíronse uns poucos poemas en galego. Atopamos nela composicións de E. Pondal (o 18 de xullo de 1874), Benito Losada (o 2, 9 e 16 de xaneiro de 1875) e V. Lamas Carvajal (o 20 de febreiro de 1875). Por outra parte, tamén estaba en galego o xa mencionado fragmento do “libro de la Hermandad de los Caballeros Cambeadores”, publicado nos números do 22 e 23 de agosto de 1877.
  - 16 Pódese seguir a intervención dos distintos xornais nesta polémica en Hermida (1992: 117-163), e unha análise do asunto en González Seoane (1991: 277-282).
  - 17 Lembremos que en 1879 se levan a cabo as escavacións en que supostamente se recuperan os seus restos. A tradición situaba a súa perda 290 anos atrás, durante o sitio dos ingleses á Coruña, cando o arcebispo San Clemente procedera ao ocultamento das reliquias tratando de evitar o seu posible roubo (Armesto 1994: 23-24). Sobre outros aspectos da promoción do culto xacobeo e das peregrinacións a Compostela nesta época, véxase Pombo Rodríguez (2001).
  - 18 En 1875, co gallo da celebración do Ano Santo, publicou tamén o libro *El Apóstol Santiago Patrón de España, relacion de su vida, su apostolado, su glorioso martirio, traslacion de su santo cuerpo, constante proteccion á los españoles y venerado sepulcro en Compostela*, obra de Gaspar Fernández Zuzúñegui, que foi, segundo se indica na portada, doutor en Teoloxía e licenciado en Dereito Canónico. No reverso da portada indícase que “El Excmo. Sr. D. Miguel Payá y Rico, dignísimo Arzobispo de esta Diócesis, concede ochenta días de indulgencia á todos los fieles que piadosamente leyeren este opúsculo”.
  - 19 A *Ortografía de la lengua castellana* de 1792 dispoñía o uso de *hay, ley, doy, estoy, comboy, muy, ayre, Alcayde, Reyna* ou *peyne*, pero constataba tamén que <y> en posición interior (coma en *ayre* ou en *Alcayde*) xa non constituía un uso “general” (cf. Real Academia Española 1792: 52).
  - 20 É moi probable que fose un eclesiástico ben instruído e que, por tanto, tivese un bo coñecemento do latín.
  - 21 Para estas díxose durante moito tempo que o <h> marcaba nelas unha aspiración. Véxase, por exemplo, o que se le ao respecto na *Ortografía* de 1815: “Es sensible la aspiración de la h antes de la sílaba ue, y aun se ha engrosado tanto que ha llegado á parecer g, como en *huevo, hueso*: de donde ha nacido el error de los que pronuncian y escriben con g estas voces y otras semejantes” (Real Academia Española 1815: 34).
  - 22 Na realidade, o principio de que a ortografía etimoloxizante se debía atemperar coa consideración debida ás mudanzas lingüísticas consuma-

- das ao longo da historia e aos usos establecidos estaba xa expresado no “Discurso proemial de la Orthographia de la Lengua Castellana” de 1726, onde se dicía o seguinte: “siendo sumamente incierto [...] que por sola la manéra de hablar se pueda regular y formar la Orthographía: el medio seguro y cierto para fijarla en el modo possible, es recurrir à los orígenes de las palabras, y examinar sus etymologías, atendiendo à las modificaciones con que el tiempo ha ido suavizando y templando el rigór que en lo antiguo se practicaba, y observando el estilo con que el uso ha ido sentando y estableciendo el modo de reducir al papel no pocos términos y palabras, diferentemente de lo que antes se hacía” (Real Academia Española 1726-1739: I, LXX). O que a RAE fixo nas décadas sucesivas non foi outra cousa que ir poñendo en práctica este principio.
- 23 Tamén *cuidaba* (2.1) contén o ditongo /ui/, pero, que nós saibamos, *cuidar* e *coidar* non teñen unha distribución dialectal tan nítida que nos permita tirar conclusións sobre a identidade, a orixe ou a biografía do autor d’*Ó Apóstol Santiago*.
  - 24 Non consideramos excepcións aqueles casos en que o uso simplificado estaba xa trivializado no galego medieval ou no castelán dezaoitesco e decimonónico: *conocer* (2.1), *respectable* (4.2), *respeto* (2.2), *Santo* (1.1, 1.2, etc.), *trasládase* (3.2)...
  - 25 A RAE incorporou *nascere* e *nascimento* como variantes antigas de *nacer* e *nacimiento* no seu dicionario de 1803, e non as retirou nin sequera na edición de 1992.
  - 26 Falamos de impericia porque o leísmo de persoa e de cousa gozaba de moita aceptación na literatura en castelán das primeiras décadas do século XVII (cf. Lapesa 1981: 405-406; Menéndez Pidal 2005: I, 1019-1024), pero de ningunha maneira podería atoparse nunha antiga escritura en galego. Tratábase, pois, dun descoñecido en que incorreu no seiscientos unha persoa que irreflexivamente se deixou levar polos hábitos que a este respecto tiña contraídos como lector e escritor de textos en castelán. Por non afectar para nada o propósito que nos guía ao redactar estas liñas, non entramos aquí a considerar o flagrante anacronismo que entrañaba o feito de supoñer escrito en galego un texto pretendidamente elaborado no século I.
  - 27 Para a variación diatópica no paradigma dos demostrativos no galego contemporáneo cf. ALGa 2 (mapas 223-235) e Fernández Rei (1990: 69-73).
  - 28 Sobre esta conxectura véxase o que dicimos na alínea 3.
  - 29 Non consideramos aquí o caso de *sede* (3.2) (latín SEDE) porque, fronte ás formas que si tratamos, no seu étimo non tiña /t/, senón /d/ intervocálico, polo que no galego medieval coñeceu as solucións *see* e *se*. Coidamos que o galego moderno tomou *sede* como préstamo do castelán, idioma en que, segundo o DCECH, esta voz se introduciu como cultismo tardío no século XVI. Son sobradamente coñecidas as tendencias para a introdución de castelanismos no léxico relixioso do galego tardomedieval e posmedieval, así como as causas que as propiciaron.
  - 30 Non se esqueza que tamén hai unha ocorrencia de *foi* (1.1).
  - 31 Tamén se observa o emprego de *a* cun complemento directo cuxo núcleo é un nome propio de persoa precedido do tratamento de *señor*: “O monxe cabilóu no conto, e avisóu á *Señor Teodomiro Bispo de Iria*” (2.1).
  - 32 Coidamos que o autor evita o substantivo *cometa* e que no canto del escribe *estrela de rabo* (2.1, 2 veces), probablemente para se adecuar ao nivel dos coñecementos que neste terreo lle supoñería ao seu auditorio. Con todo, cremos que cabe a hipótese de que o autor puido considerar *cometa* unha forma cando menos sospeitosa en galego.
  - 33 Concordamos con J. Corominas na apreciación de que *chispa* non debe de ser voz autóctona no portugués por non contar con testemuños antigos neste idioma, onde ademais se utilizan co mesmo sentido outras palabras como *faisca*, *fagulha* e *fona* (cf. DCECH). Pola nosa parte engadimos que tamén en galego se debeu de tomar *chispa* do castelán: é unha voz sen tradición medieval (no castelán semella aparecer só no século XVI; en galego o TILG só a rexistra a partir de 1858) e o galego tamén conta para o mesmo significado con voces de indubidable autoctonía como *faisca*.
  - 34 Pena (2001: 15-16) recolle as expresións castelás “como alma que lleva el diablo”, “¡Pies para que os quiero!” e “a uña de caballo” para transmitir esta noción, mais non ofrece ningunha saída galega igual ou semellante ás que lemos n’*Ó Apóstol Santiago*, senón outras como “a fume de carozo”, “a lume de biqueira”, “coma un foguete”, etc.